

21563 *REAL DECRETO 2353/2004, do 23 de decembro, sobre determinados réximes de axuda comunitarios á agricultura para a campaña 2005/2006, e á gandería para o ano 2005. («BOE» 309, do 24-12-2004.)*

A reforma da política agraria común da Unión Europea, aprobada no mes de xuño de 2003, foi recollida e sistematizada en diferentes regulamentos. O Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo cal se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo cal se modifican os Regulamentos (CEE) n.º 2019/93, (CE) n.º 1452/2001, (CE) n.º 1453/2001, (CE) n.º 1454/2001, (CE) n.º 1868/94, (CE) n.º 1251/1999, (CE) n.º 1254/1999, (CE) n.º 1673/2000, (CEE) n.º 2358/1971 e (CE) n.º 2529/2001, no seu artigo 71, permite que os Estados membros poidan aplicar o réxime de pagamento establecido no seu título III despois dun período transitorio que concluíra o 31 de decembro de 2005 ou o 31 de decembro de 2006.

En España, decidiuse aplicar o réxime de pagamento único a partir do 1 de xaneiro de 2006, polo cal durante o período transitorio cómpre determinar os requisitos de necesario cumprimento ligados aos sistemas vixentes de axudas directas aos agricultores para a campaña 2005/2006, e no ano 2005 aos gandeiros.

Os produtores dos cultivos herbáceos previstos no anexo IX do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 recibirán unha axuda por hectárea por superficie cultivada ou retirada da produción establecida no capítulo 10 do título IV do dito regulamento. Dentro deste título, os capítulos 1, 2, 3, 4, 5, 6, 9, 10 quinquies e 13 establecen, respectivamente, axudas aos produtores de trigo duro de calidade elevada, proteaxinosas, arroz, froitos de casca, cultivos enerxéticos, patacas para fécula, sementes, lúpulo e leguminosas de gran.

Por equidade distributiva, equilibrio económico-agronómico co secaño, e dado que no regadío o trigo duro non é a única alternativa de cultivo posible para o aproveitamento do solo, xa que se poden cultivar tanto cereais coma cultivos hortícolas, industriais e de diversa índole, as superficies de regadío deben ser excluídas da axuda suplementaria ao trigo duro nas zonas definidas como tradicionais de cultivo, de acordo co establecido neste real decreto.

Para continuar facendo viable a produción de froitos de casca en España é conveniente que a axuda alcance un determinado nivel. Por outro lado, as especiais características de produción e a competencia das importacións aconsellan establecer unha axuda adicional para a abeleira. Os Estados membros poden outorgar unha axuda nacional, ademais da comunitaria, e dado que existe un tope máximo financeiro global dentro deste réxime de axudas, no caso de que fose necesario aplicar un coeficiente corrector, España pode conceder unha axuda nacional, parte da cal é conveniente que se realice con cargo ao orzamento do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Pola súa parte, as comunidades autónomas poderán conceder unha axuda con cargo aos seus orzamentos. Non obstante, o importe total das axudas citadas non pode superar un límite máximo por hectárea para evitar distorsións entre os mercados das diferentes zonas produtoras.

Polo que respecta ás axudas no sector vacún, o Regulamento (CE) n.º 1254/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, polo cal se establece a organización común de mercados no sector da carne de vacún, dispón nos artigos 3 a 25 unha serie de axudas para os produtores que exercen a actividade neste sector. Porén, a publicación do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 supón a derogación deses artigos a partir do ano 2005.

Tendo en conta o espectacular e progresivo incremento do número de tenreiros que se ceban en España, que supera cada ano en maior proporción o noso límite nacional de

dereitos, coa conseguinte redución do importe unitario da prima especial, que está poñendo en grave perigo de supervivencia as pequenas explotacións, situadas moitas veces en zonas desfavorecidas e de montaña, que teñen un papel moi importante na conservación do medio e representan unha fonte de ingresos e mantemento da man de obra nestas zonas, considérase conveniente rebaxar a 60 o número máximo de animais que poden ser primados anualmente por explotación e establecer a figura do pequeno produtor, aos cales non se lles aplicará a redución por exceso do límite nacional de animais primables.

O Regulamento (CE) n.º 2529 / 2001 do Consello, do 19 de decembro de 2001, polo cal se establece a organización de mercados no sector da carne de ovino e caprino, dispón nos artigos 3 a 11 unha serie de axudas para os produtores que exercen a súa actividade neste sector. Tamén eses artigos foron derogados polo Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

O Regulamento (CE) n.º 1454/2001 do Consello, do 28 de xuño de 2001, polo cal se aproban medidas específicas en favor das illas Canarias en relación con determinados produtos agrícolas e polo cal se derroga o Regulamento (CEE) n.º 1601/92 (Poseican), foi modificado polo artigo 147 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, permitindo, a través do artigo 70 dese regulamento, a exclusión das illas Canarias do sistema xeral de axudas previstas nos capítulos 11 e 12 deste último regulamento. Así, desde o 1 de xaneiro de 2005 establécese un programa de asistencia ás actividades tradicionais das illas Canarias relacionadas coa produción dos sectores vacún, ovino e caprino, así como as medidas tendentes a mellorar a calidade dos produtos.

Por outra parte, tamén cómpre ter en conta para todas estas axudas o Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro de 2004, polo cal se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, no que respecta aos réximes de axuda previstos nos títulos IV e IV bis do dito regulamento e á utilización das terras retiradas da produción con vistas á obtención de materias primas.

Así mesmo, cómpre aplicar o Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, polo cal se establecen disposicións para a aplicación da condicionalidade, a modulación e o sistema integrado de xestión e control previstos no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, polo cal se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores.

O Regulamento (CE) n.º 1782/2003 prevé profundas modificacións das axudas a partir do 1 de xaneiro de 2005 e establece novos sistemas de modulación, condicionalidade e de información xeográfica das parcelas agrícolas, que son aplicables tamén a partir da dita data, polo cal era necesario modificar en profundidade os reais decretos que regulaban a aplicación destas axudas en España. Por todo iso, considérase conveniente derogar a anterior normativa e reunir nun só real decreto a normativa básica sobre as axudas a que se refiren os regulamentos comunitarios citados anteriormente, para a campaña de comercialización 2005/2006 no caso de axudas á agricultura, e para o ano 2005 para as axudas á gandería.

A normativa anterior destas axudas está regulada no Real decreto 138/2002, do 1 de febreiro, sobre determinadas axudas comunitarias no sector da carne de vacún; no Real decreto 139/2002, do 1 de febreiro, sobre determinadas axudas comunitarias no sector das carnes de ovino e caprino; no Real decreto 1026/2002, do 4 de outubro, sobre pagamentos por superficie a determinados produtos agrícolas, e no Real decreto 1072/2002, do 18 de outubro, sobre axudas comunitarias no sector das sementes, os cales se derrogan por este real decreto.

Non obstante a directa e inmediata aplicación dos regulamentos comunitarios, considerouse conveniente transcribir certos preceptos para facilitar a súa comprensión.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de decembro de 2004,

DISPÓÑO:

TÍTULO I

Disposicións comúns

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer a normativa básica aplicable aos seguintes réximes de axudas comunitarios establecidos no título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo cal se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo cal se modifican os regulamentos (CEE) n.º 2019/93, (CE) n.º 1452/2001, (CE) n.º 1453/2001, (CE) n.º 1454/2001, (CE) n.º 1868/94, (CE) n.º 1251/1999, (CE) n.º 1254/1999, (CE) n.º 1673/2000, (CEE) n.º 2358/1971 e (CE) n.º 2529/2001:

a) Axudas á agricultura:

1.º Pagamentos por superficie aos produtores de determinados cultivos herbáceos enumerados no anexo IX e establecidos no capítulo 10 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

2.º Axuda específica por hectárea aos produtores de arroz, establecida no capítulo 3.

3.º Axuda por superficie aos produtores de leguminosas de gran, establecida no capítulo 13.

4.º Axudas específicas por hectárea á calidade do trigo duro, ás proteaxinosas e aos cultivos enerxéticos, establecidas nos capítulos 1, 2 e 5, respectivamente.

5.º Axuda á produción de pataca destinada á fabricación de fécula, establecida no capítulo 6.

6.º Axuda por superficie aos froitos de casca, establecida no capítulo 4.

7.º Axuda á produción de sementes, establecida no capítulo 9.

8.º Axuda por superficie a favor do lúpulo, establecida no capítulo 10 quinquies.

b) Axudas á gandería:

1.º Prima especial aos produtores de bovinos machos, establecida no artigo 123.

2.º Prima aos produtores que manteñan vacas nutrices, establecida no artigo 125.

3.º Prima adicional complementaria aos produtores de vacas nutrices, establecida no artigo 125.

4.º Prima por sacrificio, prevista no artigo 130.

5.º Pagamento por extensificación, establecido no artigo 132.

6.º Pagamentos adicionais en vacún, establecidos nos artigos 134 e 135.

7.º Prima por ovella e prima por cabra, establecidas no artigo 113.

8.º Prima adicional por ovella e cabra, establecida no artigo 114.

9.º Pagamentos adicionais en ovino e caprino, establecidos no artigo 119.

2. Así mesmo, este real decreto establece as bases para a aplicación en España do sistema integrado de xestión e control de determinados réximes de axudas comunitarios, de acordo co previsto no Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

3. Este real decreto será de aplicación en todo o territorio nacional, salvo o disposto na disposición adicional única.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

a) Autoridade competente: o órgano competente da comunidade autónoma para a tramitación, a resolución e o pagamento das axudas a que se refire este real decreto.

b) Produtor: a persoa física ou xurídica ou agrupación de persoas físicas ou xurídicas, con independencia da forma xurídica da agrupación ou dos seus membros, cuxa explotación se encontre no territorio español.

c) Explotación: o conxunto de unidades de produción administradas por un mesmo produtor, en cada campaña, que se encontren no territorio español.

d) Parcela agrícola: a superficie continua de terreo en que un único titular de explotación realice unha única utilización.

Considerarase como parcela agrícola a que conteña, pola súa vez, árbores, sempre que o cultivo herbáceo ou os labores de barbeito, en caso de que se utilice para cumprir o requisito de retirada de terras, poidan ser realizados en condicións similares ás das parcelas non arbóreas da mesma zona.

e) Utilización: a utilización que se faga da superficie en termos de tipo de cultivo ou cuberta vexetal ou a ausencia destes.

f) Parcela de referencia: superficie delimitada xeograficamente que ten unha identificación única, tomada da base do sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas (SIXPAC).

g) Recinto SIXPAC: cada unha das superficies continuas de terreo dentro dunha parcela con uso agrícola único dos definidos dentro do SIXPAC.

h) Solicitude única: solicitude de pagamentos directos correspondentes aos réximes de axuda por superficie recollidos no título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

i) Superficie determinada: superficie que cumpre todas as condicións fixadas nas normas para a concesión da axuda.

j) Pastos permanentes: as terras utilizadas para o cultivo de gramíneas ou outras forraxes herbáceas, xa sexan naturais (espontáneas) ou cultivadas (sementadas), e non incluídas na rotación de cultivo da explotación durante cinco anos ou máis.

k) Superficie forraxeira: a superficie da explotación dispoñible durante todo o ano natural, para a cría de bovinos, ovinos ou caprinos, consonte o disposto no artigo 8 do Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, polo cal se establecen disposicións para a aplicación da condicionalidade, a modulación e o sistema integrado de xestión e control previstos no Regulamento (CE) n.º 1782/2003. Non se contabilizarán nesta superficie:

1.º As construcións, os bosques, os estanques nin os camiños.

2.º As superficies que se empreguen para outros cultivos beneficiarios dun réxime de axuda comunitario ou que se utilicen para cultivos permanentes ou horticolas.

3.º As superficies ás cales se lles aplique o réxime de apoio fixado para os produtores de determinados cultivos herbáceos, utilizadas para o réxime de axuda para as forraxes desecadas ou obxecto dun programa nacional ou comunitario de retirada de terras.

As superficies forraxeiras incluírán as superficies utilizadas en común e as que estean dedicadas a un cultivo mixto, e deberán comprender, polo menos, un 50 por cento de «terra de pastoreo», cando o solicitante se acolla ao pagamento por extensificación e, neste caso, as superficies dedicadas a cultivos herbáceos non serán consideradas como forraxeiras.

l) Terras de pastoreo: a superficie ocupada por calquera produción vexetal espontánea ou sementada que lle proporciona alimento ao gando vacún ou ovino mediante pastoreo ou de maneira mixta (pastoreo e como forraxe, en verde ou conservado), ao longo do ano.

m) Período de retención: o período durante o cal un animal polo cal se presentou unha solicitude de axuda se debe manter na explotación.

Este período contarase a partir do día seguinte ao de presentación da solicitude das axudas do sector vacún, e a partir do día da finalización do prazo para a presentación das solicitudes, no caso das axudas correspondentes ao ovino e caprino.

n) Touro: un animal macho non castrado da especie bovina.

ñ) Boi: un animal macho castrado da especie bovina.

o) Vaca nutriz: a vaca que pertenza a unha raza cárnica ou que proceda dun cruzamento con algunha desas razas e que forme parte dun rabaño que estea destinado á cría de tenreiros para a produción de carne.

p) Xovenca: o bovino femia a partir da idade de oito meses que aínda non parise.

q) Ovella: a femia da especie ovina que parise polo menos unha vez ou que teña un ano de idade como mínimo.

r) Cabra: a femia da especie caprina que parise polo menos unha vez ou que teña un ano de idade como mínimo.

Artigo 3. *Límites máximos orzamentarios.*

Os pagamentos correspondentes aos diferentes réximes regulados no artigo 71.2. do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 non poderá exceder os límites orzamentarios establecidos no anexo XXVIII.

Artigo 4. *Modulación.*

1. Todos os importes dos pagamentos previstos neste real decreto con cargo á Sección de Garantía do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA) se reducirán no tres por cento. Os importes obtidos desta medida destinaranse, unha vez deducido o montante destinado ao importe adicional da axuda, a sufragar gastos no marco de desenvolvemento rural.

2. Concederáselles aos agricultores que reciban pagamentos directos ao abeiro do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 un importe adicional de axuda que será igual ao que resulte de aplicar a porcentaxe de redución prevista no número 1 ao conxunto de todos os pagamentos ata os primeiros 5.000 euros.

3. Os números 1 e 2 non serán de aplicación aos pagamentos concedidos aos agricultores das illas Canarias.

4. A suma total de todos os importes adicionais da axuda que se concedan non poderá superar o límite máximo establecido para España no anexo II do citado regulamento.

CAPÍTULO II

Documentación e comunicacións

Artigo 5. *Solicitudes e declaracións.*

1. Os produtores que desexen obter no ano algunha das axudas citadas no artigo 1.1.a) deberán presentar unha

solicitude única de axuda por superficie, que conteña todas as parcelas agrícolas da explotación.

Así mesmo, deberán presentar a solicitude única:

a) Os produtores de algodón que desexen percibir o prezo mínimo segundo se establece no Regulamento (CE) n.º 1051/2001 do Consello, do 22 de maio de 2001, sobre a axuda á produción de algodón.

b) Os produtores de gando vacún que necesiten xustificar a superficie forraxeira, de acordo co disposto nos artigos 47 e 52, para os efectos do cálculo do factor de densidade gandeira e para o pagamento por extensificación.

c) Os produtores que deban realizar a declaración de superficies de forraxes destinadas a desecamento.

2. Os produtores que desexen obter algunha das axudas referenciadas no artigo 1.1.b) deberán presentar, ademais da solicitude única, a solicitude ou as solicitudes específicas correspondentes e, ademais, os produtores de ovino e caprino que desexen obter a prima adicional establecida no artigo 63, cuxas explotacións non se encontren situadas na súa totalidade nas zonas mencionadas no número 1 dese artigo 63, deberán xustificar que, polo menos, o 50 por cento da superficie agrícola da súa explotación se encontra situada nunha das devanditas zonas. Para iso presentarán unha declaración de acordo coas seguintes normas:

a) Os produtores que teñan que presentar anualmente unha declaración da superficie agrícola útil total, de acordo co previsto no artigo 22 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, deberán indicar nela as parcelas agrícolas situadas nas zonas mencionadas no artigo 63.1 deste real decreto ou, se é o caso, nas zonas relacionadas no seu anexo XVIII.

b) Os produtores que non teñan que presentar a declaración a que se refire o anterior parágrafo deberán presentar unha declaración específica en que se indique a localización das terras que posúa, arrende ou utilice por calquera medio e a súa superficie.

3. Sen prexuízo do anterior, quedan exentos da presentación da declaración de superficies forraxeiras:

a) Os produtores de vacas nutrices e de bovinos machos, cando o número de animais que se deba tomar en consideración para a determinación da carga gandeira da súa explotación non supere as 15 UGM e que, ademais, non desexen beneficiarse do pagamento por extensificación establecido no artigo 52.

b) Os produtores de vacún que desexen beneficiarse, exclusivamente, das primas por sacrificio establecidas no artigo 54.

Artigo 6. *Contido das solicitudes.*

As solicitudes cubriranse nos formularios e soportes establecidos para o efecto polas autoridades competentes e deberán conter, polo menos, os datos que se citan a continuación:

a) Axudas á agricultura: a información que se recolle no anexo X.

b) Axudas á gandaría:

1.º A información que se recolle no anexo XXIII para as solicitudes de pagamentos por gando vacún, xunto coa documentación que se indica no anexo XVI.

2.º A información que se recolle no anexo XXIV para as solicitudes de pagamentos por gando ovino e caprino, xunto coa documentación que se indica no anexo XXV.

Artigo 7. *Presentación das solicitudes.*

1. As solicitudes das axudas á agricultura dirixiranse á autoridade competente da comunidade autónoma en cuxo territorio radique a explotación ou a maior parte da superficie desta.

2. No caso das axudas gandeiras, dirixíranse ao órgano competente da comunidade autónoma en que radique a súa explotación gandeira ou, se é o caso, a súa maior parte, salvo que teñan que presentar unha declaración de superficies; neste caso, efectuarase conforme o número 1.

3. Así mesmo, poderanse presentar en calquera dos lugares a que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. As solicitudes de axuda á agricultura deberánse presentar no período comprendido entre o 1 de febreiro e o segundo venres do mes de marzo de 2005.

5. As solicitudes de prima por vaca nutriz, de pagamento por extensificación e as correspondentes aos produtores de ovino e caprino presentaranse entre o 1 de febreiro e o segundo venres do mes de marzo de 2005.

6. As solicitudes de prima especial aos produtores de bovinos machos presentaranse entre o 1 de febreiro e o 31 de decembro de 2005.

7. As solicitudes de primas por sacrificio presentaranse dentro dos catro meses seguintes á data do sacrificio ou da exportación de animais vivos a países terceiros e, en todo caso, nos seguintes períodos:

- a) Do 1 ao 31 de marzo de 2005.
- b) Do 1 ao 30 de xuño de 2005.
- c) Do 1 ao 30 de setembro de 2005.
- d) Do 1 de decembro de 2005 ao 15 de xaneiro de 2006.

A primeira das solicitudes de prima ao sacrificio presentadas por un produtor constituírase en declaración de participación no réxime de axuda, de conformidade co disposto na sección 5 do capítulo 13 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro de 2004, polo cal se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, no que respecta aos réximes de axuda previstos nos títulos IV e IV bis do dito regulamento e á utilización das terras retiradas da produción con vistas á obtención de materias primas.

8. Non obstante o disposto nos números anteriores, e excepto no caso da prima especial, admitíranse solicitudes de axudas ata os 25 días naturais seguintes ao da finalización do prazo establecido, aínda que, en aplicación do establecido no artigo 21 do Regulamento (CE) n.º 796/2004, o seu importe se reducirá nun un por cento por cada día hábil de atraso, salvo forza maior. En caso de atraso superior a 25 días naturais, a solicitude considerárase inadmisíble.

9. De acordo co indicado no artigo 21.1 do Regulamento (CE) n.º 796/2004, a redución mencionada no número anterior tamén será aplicable respecto á presentación de contratos ou declaracións e outros documentos ou xustificantes que sexan elementos constitutivos da admisibilidade da axuda de que se trate, segundo o previsto nos artigos 12 e 13 do citado regulamento.

CAPÍTULO III

Control e pagamento das axudas

Artigo 8. *Control das axudas.*

1. O FEGA, en colaboración coas comunidades autónomas, elaborará un plan nacional de control para a campaña.

O plan nacional de control deberá recoller calquera aspecto que considere necesario para a realización dos controis, tanto administrativos como sobre o terreo, das solicitudes de axudas. Este plan elaborárase de conformidade cos criterios especificados no Regulamento (CE) n.º 796/2004.

2. Os plans rexionais de control axustados ao plan nacional, elaborados polas comunidades autónomas, deberán ser comunicados ao FEGA.

3. Correspóndelles aos órganos competentes das comunidades autónomas a responsabilidade dos controis das axudas reguladas neste real decreto. Naqueles casos en que o control das axudas se leve a cabo por dúas ou máis comunidades autónomas, as administracións implicadas deberán establecer os mecanismos de colaboración que redunden na súa mellor xestión.

4. No caso do algodón, o lúpulo e as sementes, os controis anteriores, referidos ás superficies dedicadas aos ditos cultivos, completaranse cos establecidos nos seus respectivos regulamentos sectoriais de aplicación.

Artigo 9. *Superficies e animais con dereito a pagamento.*

1. Para os efectos do establecemento das superficies e animais con dereito a pagamento, teranse en conta, segundo proceda, as disposicións específicas aplicables a cada un dos réximes incluídos no artigo 1, así como no artigo 16, deste real decreto e o Regulamento (CE) n.º 796/2004.

2. Os pagamentos correspondentes estarán sometidos ás reducións como consecuencia dos límites orzamentarios e da modulación recollidos nos artigos 3 e 4.

Artigo 10. *Resolucións e pagamento.*

1. O outorgamento e o pagamento ou a denegación das axudas a que se refire este real decreto correspóndelle á autoridade competente da comunidade autónoma correspondente de acordo co previsto no artigo 7.

2. Sen prexuízo do anterior, naquelas axudas cuxa resolución está afectada pola existencia de límites máximos nacionais para España, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación establecerá, se procede e tendo en conta a información recibida de todas as comunidades autónomas, o factor de redución, de acordo co previsto no capítulo 12 do título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

3. Igualmente, de acordo co disposto no artigo 71.2 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, cando o importe das solicitudes con dereito a axuda supere o límite sectorial establecido no dito artigo, e tendo en conta a información recibida de todas as comunidades autónomas, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación determinará o factor de redución que se deberá aplicar ese ano ao importe da axuda correspondente.

4. As axudas descritas neste real decreto financiaranse con cargo á Sección Garantía do FEOGA, excepto a prima adicional complementaria por vaca nutriz, segundo o previsto no artigo 51.b), e de parte da axuda aos froitos de casca. Nestes casos, nas resolucións da axuda deberáse facer constar a parte da axuda financiada con cargo aos orzamentos do FEOGA-Garantía e a parte financiada con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

Artigo 11. *Devolución dos pagamentos indebidamente percibidos.*

1. No caso de pagamentos indebidos, os produtores deberán reembolsar os seus importes, máis os xuros correspondentes ao tempo transcorrido entre a notificación da obriga de reembolso ao produtor e o reembolso ou a dedución efectivos, de acordo co disposto no artigo 73 do Regulamento (CE) n.º 796/2004. O tipo de xuro que se aplicará será o da demora establecido na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado.

2. No caso de que os importes por reembolsar sexan iguais ou inferiores a 100 euros, xuros non incluídos, por produtor e por campaña, poderá non se exixir o reembolso.

3. A obriga de reembolso non se aplicará se o pagamento indebido é consecuencia dun erro da propia autori-

dade competente ou doutro órgano administrativo e non puidese ser razoablemente detectado polo produtor, excepto nos casos que se indican no artigo 73.4 do Regulamento (CE) n.º 796/2004.

Artigo 12. *Comunicacións das comunidades autónomas.*

As comunidades autónomas remitiranlle ao órgano competente, en cada caso, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a información que se relaciona a continuación, para a súa remisión á Comisión Europea:

a) Respecto ao importe adicional das axudas, ao FEGA:

1.º Antes do 15 de xullo de 2006, a información necesaria dos beneficiarios que recibisen pagamentos directos, para os efectos do previsto no artigo 12.2 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

2.º Antes do 15 de outubro de 2006, o importe total da axuda adicional que se concedese, unha vez aplicada, se é o caso, a porcentaxe lineal de axuste prevista no artigo citado no parágrafo anterior.

b) Respecto ás axudas á agricultura, ao FEGA:

1.º Antes do 31 de agosto e do 15 de outubro de 2005 e antes do 15 de xullo de 2006, a información das superficies solicitadas, determinadas ou pagadas, segundo se prevé no artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 dos réximes de axuda indicados no artigo 1.1.a) deste real decreto, excepto a relativa a froitos de casca, que se realizarán de acordo co artigo 41.

2.º Antes do 31 de agosto de 2005, os rendementos representativos establecidos polas comunidades autónomas segundo se dispón nos artigos 30 e 153 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004.

3.º Antes do 15 de xuño de 2006, as cantidades de pataca que se beneficiasen da axuda para os efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 19.1 do Regulamento (CE) n.º 2236/2003 da Comisión, do 23 de decembro de 2003, que establece as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1868/94 do Consello, polo cal se establece un réxime de continxentes para a produción de fécula de pataca.

4.º Antes do 15 de setembro de 2006, a información de cultivos enerxéticos e cultivos con destino non alimentario a que se refiren os artigos 44 e 169 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004.

c) Respecto á axuda ás sementes:

1.º Á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a información a que se fai referencia no Regulamento (CEE) n.º 3083/73 da Comisión, do 14 de novembro de 1973, relativo ás comunicacións dos datos necesarios para a aplicación do Regulamento (CEE) n.º 2358/71 sobre organización común de mercados no sector das sementes.

2.º Ao FEGA, no prazo que se estableza, as cantidades de sementes certificadas.

d) Respecto ás axudas no sector do vacún:

1.º Á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, calquera modificación nas medidas de aplicación dos pagamentos adicionais no prazo de 15 días a partir da súa entrada en vigor, de acordo co previsto no artigo 137 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003. A comunicación sobre os pagamentos adicionais axustarase ao modelo descrito no artigo 125 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004.

2.º Ao FEGA, para os efectos das notificacións establecidas no artigo 131 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004, coa desagregación e no formato descrito no mencionado artigo e no anexo XVIII do dito regulamento, as seguintes informacións nos prazos que a seguir se citan:

Antes do 1 de setembro de 2005, os datos correspondentes ás solicitudes de primas no sector vacún recibidas no primeiro semestre do ano en curso.

Antes do 15 de febreiro de 2006, os correspondentes ás solicitudes de primas no sector vacún recibidas no segundo semestre do ano precedente.

Antes do 15 de xullo de 2006, a información sobre as solicitudes de primas ao vacún resoltas favorablemente correspondentes ao ano anterior.

e) Respecto ás axudas no sector do ovino e caprino:

1.º Á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 31 de xullo de 2005, a información sobre pagamentos adicionais de acordo co establecido no artigo 85 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004.

Calquera modificación nas medidas de aplicación destes pagamentos adicionais deberá ser comunicada no prazo de 15 días a partir da súa entrada en vigor, para cumprir co previsto no artigo 119 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

2.º Ao FEGA, para o efecto das notificacións establecidas no artigo 76 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004, de acordo cos modelos de impreso que figuran nos anexos XI e XII do mencionado regulamento, as seguintes informacións nos prazos que a continuación se citan:

Antes do 31 de xullo de 2005, os datos correspondentes ás solicitudes de primas correspondentes ao ano en curso.

Antes do 31 de outubro de 2005, calquera cambio na lista das comarcas establecidas no anexo XXI.

Antes do 31 de xullo de 2006, o número e contía das primas pagadas correspondentes ás solicitudes do ano anterior.

f) Calquera outra información que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación lles solicite en relación coas axudas reguladas neste real decreto, para os efectos de poder cumprir coas obrigas impostas aos Estados membros sobre información á Comisión Europea.

TÍTULO II

Axudas á agricultura

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 13. *Superficie mínima por solicitude.*

Os pagamentos directos concederanse só cando a solicitude de axuda prevista no capítulo 10 do título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 dentro do réxime de cultivos herbáceos en conxunto, e para cada un dos réximes específicos recollidos nos capítulos 1, 2, 3, 5, 9, 10 quinquies e 13, sexa, como mínimo, de 0,3 hectáreas.

Para as axudas recollidas no capítulo 4 do título IV do citado regulamento, o mínimo será de 0,2 ha, sen prexuízo da aplicación do artigo 42 deste real decreto.

Artigo 14. *Datas límite de sementeira.*

As datas límite de sementeira para os cereais, incluídos o trigo duro e o millo, as oleaxinosas, as proteaxinosas, o liño non téxtil, o liño para a produción de fibras e o arroz, pertencentes aos réximes de axuda recollidos nos capítulos 1, 2, 3, 5 e 10 do título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, son as seguintes:

a) 31 de maio, para todos os cultivos herbáceos, excepto o millo doce e o cânabo para a produción de fibras.

- b) 15 de xuño, para o millo doce e o cânabo para a produción de fibras.
- c) 30 de xuño, para o arroz.

Artigo 15. *Compatibilidade.*

1. Unha parcela agrícola non poderá ser obxecto dunha solicitude de axuda por superficie para máis dun dos réximes regulados no anexo 1 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello. Non obstante, considéranse as seguintes compatibilidades:

a) Prima específica á calidade do trigo duro e pagamento aos cultivos herbáceos, incluído o suplemento de pagamento ao trigo duro (capítulos 1 e 10 do título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003).

b) Prima ás proteaxinosas e pagamento aos cultivos herbáceos (capítulos 2 e 10 do título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003).

c) Pagamento específico ao cultivo de arroz e axuda ás sementes de arroz (capítulos 3 e 9 do título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003).

d) Axuda aos cultivos enerxéticos e pagamento aos cultivos herbáceos (capítulos 5 e 10 do título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003).

e) Pagamento aos cultivos herbáceos e ás sementes destes cultivos relacionados no anexo XI do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 (capítulos 10 e 9 do título IV deste regulamento).

2. A superficie obxecto dunha solicitude de axuda para os cultivos enerxéticos non é admisible para cumprir a obriga de retirada de terras.

3. Tanto a superficie utilizada para cultivar, nas terras retiradas da produción, produtos non alimentarios como a superficie destinada a produtos con destino enerxético, non é elixible para se beneficiar dos apoios previstos no capítulo VIII do Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, sobre a axuda ao desenvolvemento rural a cargo do FEOGA e polo cal se modifican e derrogan determinados regulamentos, excepto no referente aos custos de establecemento de especies de crecemento rápido.

Artigo 16. *Cálculo e comunicación dos eventuais excesos das superficies máximas.*

1. No caso dos réximes de axuda nos cales se preveñan cantidades ou superficies máximas garantidas, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 31 de outubro de 2005, en función da información de superficies recibida das comunidades autónomas, calculará os eventuais excesos das superficies ou subsuperficies básicas, e comunicarlles ás comunidades autónomas os coeficientes de axuste correspondentes.

2. Para os réximes dos capítulos 2 e 5 do título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, as comunidades autónomas aplicarán os coeficientes de axuste establecidos regulamentariamente pola Comisión Europea.

Artigo 17. *Modificación de solicitudes.*

Os produtores que presentasen unha solicitude de axuda poderán modificala sen ningunha penalización ata o 31 de maio, e non se admitirán modificacións despois da dita data, segundo o previsto no artigo 15 do Regulamento (CE) n.º 796/2004.

Artigo 18. *Comunicacións de non-sementeira.*

Os produtores que, nas datas límite de sementeira do 15 de xuño de 2005 para o millo doce e o cânabo para a produción de fibras, e do 30 de xuño de 2005 para o arroz, non sementasen, na súa totalidade ou en parte, a superficie dos cultivos citados declarada na súa solicitude de axuda debe-

ranllo comunicar ao órgano competente da comunidade autónoma en que presentaron a solicitude, como máis tarde, na data límite de sementeira fixada para o cultivo, e na forma seguinte:

a) Os que non sementasen parte da superficie declarada dos cultivos en cuestión deberán cubrir o formulario fixado pola correspondente comunidade autónoma, en que se indicarán as parcelas ou a parte destas que non fose sementada, así como o cultivo de que se trate.

b) Os que non realizasen ningunha sementeira dos cultivos en cuestión nas superficies declaradas deberán comunicalo e facer constar os datos mínimos que figuran no modelo do anexo XI.

Artigo 19. *Períodos de pagamento.*

1. Con carácter xeral, os pagamentos correspondentes ás axudas previstas no artigo 1 efectuaranse entre o 1 de decembro de 2005 e o 30 de xuño de 2006.

2. A axuda á pataca para fécula pagaráselles aos agricultores, unha vez que fose entregada a totalidade das cantidades de pataca que corresponden á campaña, dentro dos catro meses seguintes á data en que se presentase a proba de pagamento do prezo mínimo por parte da industria. Non obstante, poderanse percibir anticipos desde o 1 de decembro de 2005, polas cantidades entregadas para as cales se presentase a proba citada.

3. Os pagamentos derivados do importe adicional da axuda citada no artigo 4.2 pagaranse, como máis tarde, o 30 de setembro de 2006.

CAPÍTULO II

Pagamentos por superficie

SECCIÓN 1.^a PAGAMENTOS POR SUPERFICIE AOS PRODUTORES DOS CULTIVOS HERBÁCEOS PREVISTOS NO CAPÍTULO 10 DO TÍTULO IV DO REGULAMENTO (CE) N.º 1782/2003

Artigo 20. *Superficies admisibles para o pagamento aos cultivos herbáceos.*

Non se poderán presentar solicitudes de pagamentos respecto ás superficies que, na data límite de presentación das solicitudes de axuda por superficie de 2003, se dedicasen a pastos permanentes, cultivos permanentes, árbores ou usos non agrícolas, de acordo co establecido no artigo 108 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

Artigo 21. *Plan de rexionalización e índices de barbeito.*

1. As zonas homoxéneas de produción, determinadas de acordo co establecido no Plan de rexionalización produtiva, así como os rendementos medios dos cereais en secano, de cereais en regadío, de millo en regadío e doutros cereais en regadío, diferenciados por comunidade autónoma, provincia, comarca agraria e termo municipal, se é o caso, que servirán de base para a aplicación do sistema de pagamentos por superficie aos produtores de determinados cultivos herbáceos, son os que figuran no anexo I.

2. Os índices comarcais de barbeito tradicional para as terras de cultivos de secano –expresados en hectáreas de barbeito por cada 100 hectáreas acollidas ao réxime de cultivos herbáceos– que se deban respectar con carácter xeral, para poderense beneficiar dos pagamentos por superficie, son os que figuran na última columna do anexo I, diferenciados por comunidade autónoma, provincia, comarca agraria e termo municipal, se é o caso. Se na declaración de cada agricultor, correspondente a cada campaña, non se respectase este valor, cunha franquía de 10 puntos, o conxunto da superficie para a cal se solicita a axuda será axustado de forma proporcional a esa diferenza, ata que se alcance o

valor do índice de barbeito correspondente a esa comarca. Non obstante, as comunidades autónomas poderán establecer criterios específicos que permitan aplicar un índice de barbeito diferente a determinadas explotacións agrícolas incluídas en cada comarca.

Artigo 22 *Subsuperficies de base.*

As superficies básicas nacionais de secaño e de regadío, fixadas no anexo IV do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, quedan divididas en 17 subsuperficies básicas de secaño e igual número de subsuperficies básicas de regadío, en que se diferencian as subsuperficies básicas de millo de regadío, correspondentes a cada unha das comunidades autónomas, e cuxa dimensión é a que figura no anexo II.

Artigo 23. *Pagamentos por superficie en regadío.*

Para os efectos da percepción destes pagamentos, terán a consideración de superficie de regadío as parcelas situadas en recintos considerados como de regadío no SIXPAC ou, no seu defecto, as que figuren inscritas como de regadío nun rexistro público establecido pola comunidade autónoma competente, antes de finalizar o prazo de presentación das solicitudes de pagamentos para a campaña 2005/06.

Artigo 24. *Requisitos para optar aos pagamentos por superficie aos produtores de oleaxinosas.*

1. Para poderen optar aos pagamentos por superficie de oleaxinosas, os agricultores deberán:

- Utilizar nas sementeiros sementes en doses acordes coas prácticas tradicionais da zona en que radiquen as parcelas de oleaxinosas. Só se poderá utilizar semente certificada. As doses mínimas de sementeira figuran no anexo III.
- Comprometerse a efectuar os labores culturais tradicionais na zona en que radiquen as parcelas de cultivo e manter este, como mínimo, ata o principio da floración en condicións de crecemento normais.

2. Os agricultores terán á disposición dos órganos competentes cantos elementos poidan servir para acreditar o respecto do indicado nas alíneas a) e b) do punto anterior, como etiquetas de sementes, facturas destas, de herbicidas, de fertilizantes, de aluguer de maquinaria e calquera outro xustificante que se relacione con tales obrigas.

Artigo 25. *Requisitos para optar aos pagamentos por superficie aos produtores de liño e cânabo destinados á produción de fibra.*

O pagamento por superficie de liño e de cânabo destinados á produción de fibra supeditarase:

- Ao depósito, como máis tarde o 15 de setembro de 2005, dunha copia do contrato ou do compromiso mencionados no artigo 2.1 do Regulamento (CE) n.º 1673/2000 do Consello, do 27 de xullo de 2000, polo cal se establece a organización común de mercados no sector do liño e o cânabo destinados á produción de fibras.
- No caso do cânabo, á utilización de semente certificada das variedades que figuran no anexo II do Regulamento (CE) n.º 796/2004, xuntándolle as etiquetas oficiais á solicitude.

No caso do liño, á utilización das variedades que figuran na lista do anexo V do Regulamento n.º 1973/2004, con data do 15 de maio anterior á campaña pola cal se solicite o pagamento, xuntándolle as etiquetas oficiais ou calquera outro documento recoñecido á solicitude.

- A diferenciar as parcelas do cânabo segundo as variedades utilizadas.

Artigo 26. *Requisitos para optar aos diferentes pagamentos aos produtores de trigo duro.*

1. Os produtores de trigo duro, ademais do pagamento xeral correspondente aos cultivos herbáceos, poden percibir:

- O suplemento de pagamento por superficie cultivada de trigo duro, previsto no capítulo 10 do título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 (artigo 105.1).
- A axuda especial recollida no capítulo 10 do título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 (artigo 105.3).
- A prima específica á calidade recollida no capítulo 1 do título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 (artigos 72 a 75).

2. Os produtores de trigo duro que opten ao suplemento de pagamento por superficie ou á axuda especial deberán:

- Recibir o correspondente pagamento por superficie como cereal.
- Utilizar na sementeira unicamente semente certificada, polo menos nas doses de sementeira establecida no anexo III, e achegar xunto coa solicitude de axuda a proba da súa utilización.
- Respectar a rotación de cultivos.

Para se beneficiaren do suplemento de pagamento por superficie ao trigo duro, as superficies para as cales se solicite o dito suplemento deberán estar situadas nas rexións tradicionais que figuran no anexo IV, cos límites máximos establecidos nel.

Para se beneficiaren da axuda especial ao trigo duro, as superficies para as cales se solicite a dita axuda deberán estar situadas nas comarcas agrarias definidas no Plan de rexionalización produtiva de España que figuran no anexo V, co límite máximo para o conxunto de comarcas de 4.000 ha.

3. Os produtores que soliciten a prima específica á calidade deberán:

- Utilizar nas sementeiros unicamente semente certificada de variedades que cumpran os requisitos establecidos no artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión. As ditas variedades figuran no anexo VI deste real decreto.
- Utilizar, polo menos, as doses de sementeira e cumprir o resto dos requisitos establecidos no número 2.b).
- Respectar a rotación de cultivos.

Para se beneficiaren da prima á calidade, as superficies para as cales se solicite a dita prima deberán estar situadas nas rexións tradicionais que figuran no anexo IV, cos límites máximos establecidos nel.

4. Os agricultores porán á disposición dos organismos competentes cantos elementos poidan servir para acreditar o respecto aos puntos anteriores, como facturas, etiquetas de sementes e calquera outro elemento xustificativo que se relacione con tales obrigas.

Artigo 27. *Superficies excluídas do dereito ao suplemento de pagamento, á axuda especial e á prima á calidade do trigo duro.*

Quedan excluídas do suplemento do pagamento, da axuda especial e da prima á calidade ao trigo duro as superficies de regadío tal como se definen no artigo 23. Non obstante, os titulares de explotacións de regadío en zonas tradicionais que percibisen o suplemento de pagamento en superficies de regadío nas campañas de comercialización 1997/1998 ou 1998/1999 poderán percibir as axudas ao trigo duro cultivado en regadío por unha superficie máxima igual á maior pola que percibiu o suplemento no período comprendido entre as campañas 1993/1994 e 1998/1999, ambas

inclusive. En todo caso, deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo anterior.

Artigo 28. *Modalidades de retirada de terras.*

1. Os agricultores que soliciten un pagamento por superficie de cultivos herbáceos están obrigados a retirar da produción parte da terra das súas explotacións. Segundo o establecido no artigo 107.1 e 2 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, para a campaña 2005/2006 a dita porcentaxe é do 10 por cento da superficie total pola cal se soliciten pagamentos para os cultivos herbáceos no marco do capítulo 10 do título IV do citado regulamento.

2. Ten a consideración de retirada voluntaria a retirada nunha porcentaxe superior á establecida pola regulamentación comunitaria como obrigatoria. A retirada voluntaria poderá alcanzar ata o 10 por cento da superficie total pola cal se soliciten pagamentos en secano ou en regadío, respectivamente, no marco do capítulo 10 do título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003. Neste caso, o titular da explotación pode recibir unha compensación idéntica á establecida para a retirada obrigatoria.

3. Non obstante, poderase superar a suma da porcentaxe obrigatoria de retirada e o 10 por cento da voluntaria, co límite máximo correspondente a unha superficie retirada que non supere a cultivada, nos seguintes casos:

a) Para as terras de secano, no caso de concentracións parcelarias e noutros casos especiais debidamente autorizados polo órgano competente da comunidade autónoma correspondente, que supoñan un cambio da estrutura da explotación independente da vontade do produtor.

b) Para as terras de regadío, cando as explotacións estean situadas en zonas obxecto de plans de mellora do regadío que impliquen concentración parcelaria.

4. Aqueles produtores que soliciten pagamentos por unha superficie que non exceda da necesaria para producir 92 toneladas de cereais, en función dos rendementos determinados no Plan de rexionalización produtiva de España para a comarca e tipo de cultivo que figure na solicitude, non estarán obrigados a retirar terra da produción. Por tanto, toda a retirada de cultivo que realicen ten a consideración de voluntaria e, en consecuencia, debe respectar o límite establecido para ela.

5. As terras retiradas con fins ambientais ou de forestación poderanse contabilizar para os efectos do cumprimento do requisito de retirada obrigatoria, nos termos dispostos no artigo 107.8 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

6. A superficie retirada con carácter obrigatorio poderase utilizar:

a) Para a produción de materias destinadas a fabricar produtos non destinados ao consumo humano ou animal.

b) Para o cultivo de leguminosas nunha explotación xestionada para a totalidade da súa produción no marco do Regulamento (CEE) n.º 2092/91 do Consello, do 24 de xuño de 1991, sobre a produción agrícola ecolóxica e a súa indicación nos produtos agrarios e alimenticios.

Artigo 29. *Superficies mínimas susceptibles de recibir os pagamentos por retirada.*

A superficie mínima de retirada será de 0,1 hectáreas, e a parcela, dun largo de 10 metros como mínimo. Por razóns ambientais e con carácter excepcional, poderíanse admitir parcelas de polo menos 0,05 hectáreas e cinco metros de largo.

Artigo 30. *Aplicación do principio de proporcionalidade nas terras retiradas.*

1. A solicitude de pagamentos por superficie para unha rexión cun rendemento dado debe incluír unha superficie de retirada de, polo menos, a porcentaxe obrigatoria.

2. Non será exixible o cumprimento da obriga sinalada no punto anterior nos seguintes supostos:

a) En explotacións que comprendan superficies situadas en rexións de produción de secano e de regadío, a retirada obrigatoria de terras para superficies situadas en regadío poderase efectuar total ou parcialmente en secano. O número de hectáreas que se retiren en secano deberase axustar en función da relación de rendementos entre as rexións de que se trate, e non será necesario neste suposto o respecto ao límite establecido no artigo 28.3.

b) A retirada obrigatoria correspondente a unha determinada rexión de produción pódese realizar noutra rexión de produción da mesma explotación con diferente rendemento sempre que as súas rexións sexan limítrofes. A superficie que se retire total ou parcialmente noutra rexión débese axustar en función da relación dos rendementos entre as rexións de que se trate. Non obstante, non se poderán retirar en ningún caso menos hectáreas que as previstas na obriga de retirada para o conxunto das superficies da explotación para as que se solicitan pagamentos por superficie no marco do capítulo 10 do título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

c) Cando a superficie que se retire dunha rexión sexa como máximo de dúas hectáreas, poderase realizar a retirada noutra rexión de produción, axustando a superficie en función dos rendementos.

3. En ningún caso se poderá trasladar a obriga de retirada de terras de secano a terras de regadío.

Artigo 31. *Excepcións aos solicitantes afectados por condicións ambientais ou situacións climáticas excepcionais.*

En virtude do disposto no artigo 107.6 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, cando razóns derivadas da variabilidade climática que caracteriza a nosa agricultura determinen a aparición de anormalidades nunha campaña, tales como os excesos ou carencias de precipitacións, exixencias de protección ambiental de acuíferos sobreexplotados ou con risco de sobreexplotación ou reducións das disponibilidades de auga para rega, que impidan ou limiten severamente o desenvolvemento normal dos cultivos nunha zona determinada, así como nos casos en que existan condicionantes agroambientais previamente aprobados, as comunidades autónomas afectadas poderán eximir do respecto aos límites establecidos no artigo 28.2 deste real decreto as explotacións agrarias das rexións ou zonas afectadas.

As comunidades autónomas comunicaranlle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación as decisións tomadas ao respecto, as causas que lles deron orixe e a definición xeográfico-administrativa das zonas correspondentes, así como a xustificación da porcentaxe máxima establecida de retirada total, que non poderá superar en ningún caso o 75 por cento da superficie para a cal se soliciten os pagamentos.

Artigo 32. *Condicións que deben cumprir as terras retiradas.*

Para poder percibir os pagamentos correspondentes nas terras retiradas do cultivo débese realizar o barbeito de acordo coas seguintes directrices:

a) O barbeito realizarase mediante os sistemas tradicionais de cultivo, de mínimo labor ou mantendo unha cuberta vexetal adecuada, tanto espontánea como cultivada, para minimizar os riscos de erosión, a aparición de accidentes, malas herbas, pragas e enfermidades, conservar o perfil salino do solo, a súa capacidade produtiva e favorecer o incremento da biodiversidade.

b) As aplicacións de herbicidas autorizados serán efectuadas con aqueles que non teñan efecto residual e sexan de baixa perigosidade.

c) No caso de manter unha cuberta vexetal, esta non poderá ser utilizada para a produción de sementes nin aproveitada baixo ningún concepto con fins agrícolas antes do 31 de agosto de 2005, excepto naquelas zonas previstas no artigo 32 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, que establece disposicións de aplicación do réxime de pagamento único previsto no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, polo cal se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores.

d) No caso de incumprimento destes extremos, o titular da explotación perderá total ou parcialmente o dereito aos beneficios do réxime de axuda aos cultivos herbáceos e á retirada do cultivo.

Artigo 33. *Axuste da superficie con dereito a pagamentos.*

Cando as terras retiradas non cumplan a porcentaxe establecida como de retirada obrigatoria respecto ás superficies polas cales se solicitan os pagamentos, aplicaranse as disposicións recollidas no Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión.

Artigo 34. *Utilización das terras retiradas da produción para cultivos con destino non alimentario.*

1. Os produtores poden utilizar as superficies retiradas da produción con carácter obrigatorio para obteren materias primas para a fabricación na comunidade autónoma de produtos non destinados ao consumo humano ou animal, sen perderen o dereito ao pagamento por superficie. Non obstante, se se cultiva remolacha azucreira, pataca ou topinambo e chicoria, non se percibirá o pagamento correspondente á retirada e soamente se permite o seu cultivo se se cumpren as condicións establecidas no segundo parágrafo do número 2 do artigo 143 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004.

2. O incumprimento das condicións establecidas na normativa europea, entre elas as relativas aos contratos e á entrega da colleita nunha cantidade que deberá corresponder polo menos ao rendemento representativo fixado para o cultivo en cuestión pola comunidade autónoma, dará lugar á perda do pagamento por retirada para as parcelas en cuestión e o consecuente axuste das superficies de cultivos no marco do capítulo 10 do título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, en función da superficie «determinada» de retirada.

3. As comunidades autónomas establecerán cada ano os rendementos representativos que se deben obter efectivamente para os cultivos e superficies do seu ámbito territorial, excepto no caso das materias primas establecidas no anexo XXII do Regulamento (CE) n.º 1973/2004.

4. Para os efectos da regulación dos cultivos con destino non alimentario, teranse en conta as definicións seguintes:

a) Solicitante: o agricultor que utiliza as terras retiradas de acordo co establecido no artigo 143 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004.

b) Receptor: toda persoa asinante do contrato disposto na normativa comunitaria, que compre por conta propia materias primas ás cales se refire o artigo 143 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 destinadas aos fins previstos no anexo XXIII do dito regulamento.

c) Primeiro transformador: o usuario das materias primas que proceda á súa primeira transformación para obter un ou varios dos produtos recollidos no anexo XXIII do Regulamento (CE) n.º 1973/2004.

O primeiro transformador pode delegar nunha terceira persoa a recollida da materia prima entregada polo solicitante, aínda que seguirá sendo o único responsable respecto ás obrigas regulamentarias.

5. Os solicitantes que cultiven na terra retirada materias primas con destino non alimentario, con excepción das enumeradas no anexo XXII do Regulamento (CE) n.º 1973/2004, deberán formalizar cun receptor ou primeiro transformador un único contrato por materia prima cultivada de acordo cos requisitos establecidos no artigo 147 do citado regulamento e presentar un exemplar daquel xunto coa solicitude de axuda «superficies».

6. No caso das materias primas indicadas no anexo XXII do Regulamento (CE) n.º 1973/2004, os titulares das explotacións deberán presentar, xunto coa solicitude de axuda «superficies», un compromiso escrito de que, de seren utilizadas ou vendidas, as materias primas en cuestión serán destinadas a algún dos fins establecidos no anexo XXIII do dito regulamento.

7. Os receptores ou primeiros transformadores deberán comprometer a fabricar algún dos produtos mencionados no anexo XXIII do Regulamento (CE) n.º 1973/2004, cuxo valor económico debe ser superior ao de todos os demais produtos destinados ao consumo humano ou animal que se obteñan durante o dito proceso.

As persoas físicas ou xurídicas que desexen actuar por primeira vez como primeiro transformador ou receptor deberán manifestar por escrito e con anterioridade á finalización do prazo de presentación das solicitudes de axuda, ante a comunidade autónoma onde se encontren establecidas.

No dito escrito, o receptor ou primeiro transformador manifestará expresamente que coñece as condicións e limitacións contidas no Regulamento (CE) n.º 1973/2004, achegará a información necesaria relativa á cadea de transformación das materias primas, en cumprimento do disposto nos artigos 145, 157 e 163 do dito regulamento e comprometerase a levar unha contabilidade específica que, como mínimo, deberá reflectir a información mencionada na citada normativa.

8. Outras obrigas dos solicitantes e dos receptores e primeiros transformadores das materias primas recóllense no anexo VII.

9. As materias primas cultivadas en terras retiradas da produción e os produtos que deriven das ditas materias primas non se poderán acoller ás medidas financiadas pola Sección Garantía do FEOGA de acordo co establecido nas alíneas a) e b) do número 2 do artigo 1 do Regulamento (CE) n.º 1258/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, sobre o financiamento da política agrícola común.

SECCIÓN 2.ª AXUDA AOS CULTIVOS ENERXÉTICOS

Artigo 35. *Obxecto.*

1. Enténdese por cultivos enerxéticos aqueles que se utilicen fundamentalmente na produción dos produtos enerxéticos previstos no artigo 88 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003. Queda excluída como materia prima a remolacha azucreira.

2. Para os efectos da regulación dos cultivos con fins enerxéticos, teranse en conta as seguintes definicións:

a) Solicitante: o produtor que utiliza toda ou parte da superficie, excluída a retirada de cultivo, para producir materias primas con fins enerxéticos.

b) Primeiro transformador: o utilizador das materias primas que procede á súa primeira transformación, para obter un ou varios dos produtos a que se refire o artigo 88 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

O primeiro transformador pode delegar nunha terceira persoa a recepción da materia prima entregada polo solicitante, aínda que seguirá sendo o único responsable respecto ás obrigas establecidas na normativa comunitaria.

3. Os solicitantes que desexen obter a axuda aos cultivos enerxéticos deberán formalizar cun primeiro transformador un único contrato por materia prima cultivada, nos

termos establecidos no artigo 26 do Regulamento (CE) n.º 1793/2004, e presentar un exemplar daquel ante a comunidade autónoma, xunto coa solicitude de axuda «superficies».

4. As obrigas dos solicitantes e dos primeiros transformadores das materias primas recóllense no anexo VIII.

5. As persoas físicas ou xurídicas que desexen actuar por primeira vez como primeiro transformador deberán manifestar por escrito, con anterioridade á data límite da presentación dos contratos ante a comunidade autónoma onde se encontren establecidos, deberán manifestar expresamente que coñecen as condicións e limitacións contidas no Regulamento (CE) n.º 1793/2004 e demais normativa complementaria e comprometeranse a levar unha contabilidade específica e, en concreto, que cumplan co establecido no artigo 39 do citado regulamento.

SECCIÓN 3.^a AXUDA ESPECÍFICA AO ARROZ

Artigo 36. *Requisito das superficies.*

1. As axudas específicas aboaranse aos produtores de arroz polas parcelas agrícolas completamente utilizadas e catastradas como de regadío con anterioridade ao 20 de decembro de 1998 ou, no seu defecto, aquelas que, nesa data, reunían algún dos seguintes requisitos:

a) Figurar inscritas como de regadío nun rexistro público establecido pola comunidade autónoma competente.

b) Ter percibido pagamentos compensatorios na campaña 1998/1999.

2. En todo caso, nas superficies a que se refire o punto anterior, deberán ter efectuado os traballos normais requiridos para o cultivo do arroz e que este chegase á floración.

3. As parcelas afectadas por unha solicitude de axuda específica aos produtores de arroz non poden ser obxecto de ningunha outra solicitude por superficie na mesma campaña, salvo a prevista no artigo 15.1.c).

Artigo 37. *Superficie básica nacional e subsuperficies básicas.*

A superficie básica nacional de arroz establecida no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 queda dividida en 10 subsuperficies básicas correspondentes a cada unha das comunidades autónomas produtoras de arroz, cuxa dimensión é a que figura no anexo IX.

Artigo 38. *Declaracións obrigatorias de produtores e industriais arroceiros.*

1. Os produtores de arroz que se acollan ao sistema de axuda específica deben realizar as seguintes declaracións:

a) Antes do 15 de outubro de 2005, declaración de existencias no seu poder o 31 de agosto anterior.

b) Antes do 15 de novembro de 2005, declaración da produción obtida e da superficie utilizada.

En ambas as declaracións se desagregarán as superficies, os tipos e as variedades de arroz, de acordo co establecido no artigo 1 do Regulamento (CE) n.º 1709/2003, da Comisión, do 26 de setembro de 2003, relativo ás declaracións de colleita e existencias de arroz.

Estas declaracións serán presentadas ante a comunidade autónoma onde se presentase a solicitude de axuda específica.

2. Os industriais arroceiros deberán realizar, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde se encontre almacenado o arroz, antes do 15 de outubro de 2005, unha declaración das existencias de arroz que se encontren no seu poder o 31 de agosto anterior, desagre-

gadas tal como establece o artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 1709/2003.

SECCIÓN 4.^a AXUDA Á PRODUCCIÓN DE LEGUMINOSAS DE GRAN

Artigo 39. *Obxecto e requisitos.*

1. Os agricultores que cultiven as leguminosas de gran especificadas no artigo 141 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 poderán solicitar a axuda establecida no capítulo 13 do título IV do citado regulamento.

2. A axuda está supeditada ao cumprimento das condicións e límites establecidos nos artigos 142 e 143 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

SECCIÓN 5.^a AXUDA AOS PRODUTORES DE PATACA CON DESTINO A FÉCULA

Artigo 40. *Obxecto e requisitos.*

1. Concederáselles unha axuda, prevista no artigo 93 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, aos produtores que cultiven patacas destinadas á produción de fécula. A axuda refírese á cantidade de patacas necesaria para producir unha tonelada de fécula. O produtor debe realizar un contrato de cultivo co transformador, que se deberá presentar ante a comunidade autónoma antes do 30 de xuño de 2005.

2. A axuda está condicionada a que se lle pague ao agricultor o prezo mínimo establecido no artigo 4 bis do Regulamento (CEE) n.º 1868/94 do Consello, do 27 de xullo de 1994, polo cal se establece un réxime de continxentes para a produción de fécula de pataca e ao cumprimento dos requisitos establecidos nos artigos 19 a 21 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004.

3. A solicitude única débese completar coa presentación da proba de que o agricultor recibiu, polo menos, o prezo mínimo citado no punto anterior.

SECCIÓN 6.^a AXUDA AOS FROITOS DE CASCA

Artigo 41. *Contía das axudas comunitarias e nacionais e financiamento.*

1. Concederáselles unha axuda comunitaria xeral aos produtores, logo da súa solicitude en declaración única de 2005, de 241,50 euros por hectárea ás plantacións de amendoeira, abeleira, nogueira, pistacho e alfarrobeira. Complementariamente, ás plantacións de abeleira asignaráselles unha axuda comunitaria adicional de 105 euros por hectárea.

2. Unha vez realizados os controis correspondentes sobre as solicitudes recibidas, se o importe obtido multiplicando as superficies elixibles polas axudas unitarias a que se refire o número 1 supera o importe global previsto no artigo 84 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, aplicáraselle un coeficiente corrector á axuda comunitaria xeral para evitar o exceso do dito importe global.

3. Para os efectos do cálculo da axuda a que se refire o número 2 e de cumprir a alínea b) do artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 1793/2004 da Comisión, do 29 de outubro de 2004, as comunidades autónomas comunicaranlle, por transmisión electrónica, á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, como máis tarde o 31 de outubro de 2005, os datos definitivos relativos ás superficies con dereito a esta axuda obtidos despois de ter en conta os controis xa realizados, distinguindo as superficies de cada especie.

4. No caso en que se precise a aplicación do coeficiente corrector a que se refire o número 2, concederáse unha axuda nacional por parte do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, cuxo montante será a metade da diferenza entre o importe unitario da axuda xeral a que se refire o

número 1 e a axuda resultante da aplicación do coeficiente corrector a que se refire o número 2. Esta axuda terá como límite a cantidade de 60,375 euros por hectárea.

5. A axuda financiada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación transferiráselles ás comunidades autónomas correspondentes, de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria existente, conforme o establecido no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Para estes efectos, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación transferirálles ás comunidades autónomas os importes necesarios para afrontar o pagamento da axuda establecida no número 4, baseándose nas superficies para as cales se solicitase axuda, nos posibles remanentes que existan de transferencias anteriores e no importe previsto da axuda.

Con este fin, as comunidades autónomas facilitaránlle, por transmisión electrónica, á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 30 de xuño de 2005, información sobre as superficies polas cales se solicitou a axuda, distinguindo as superficies de cada unha das especies citadas no número 1, así como os remanentes existentes de transferencias anteriores.

6. As comunidades autónomas en cuxo territorio existan plantacións de froitos de casca que reúnan os requisitos do artigo 42 poderán sufragar unha axuda por hectárea e ano que, sumada á achega do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, non poderá superar a cantidade de 120,75 euros por hectárea.

Unha vez realizados os controis administrativos e sobre o terreo correspondentes á solicitude única, a parte da axuda que puidese outorgar unha comunidade autónoma con cargo aos seus fondos seralle aboada ao produtor pola comunidade autónoma onde estean situadas as parcelas.

7. Se a limitación máxima da axuda nacional do número 6 o permite, concederáselles un complemento da axuda ás superficies cuxo titular sexa agricultor profesional, conforme o disposto no número 5 do artigo 2 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, e que manteña tal cualificación na data de finalización do prazo de solicitude.

O complemento da axuda a que se refire o parágrafo anterior, con cargo aos orzamentos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, sumado á achega recollida no número 4, ascenderá ata un máximo de 60,375 euros por hectárea, condicionado ás dispoñibilidades orzamentarias.

Artigo 42. *Requisitos.*

As superficies mencionadas no número 1 do artigo 41 deben cumprir os requisitos seguintes:

a) As parcelas con dereito a esta axuda terán unha superficie mínima de 0,2 hectáreas.

Serán de cultivo homoxéneo, non diseminado, con plantación que non poderá estar separada por outros cultivos ou plantacións. As parcelas non estarán constituídas por asociacións de cultivos, excepto que estas asociacións o sexan das especies citadas no artigo 41. Neste último caso, se a axuda se diferenciase por especies, aboaríase a axuda correspondente á de superficie dominante na parcela.

Non obstante, as comunidades autónomas no seu ámbito territorial poderán admitir a presenza de árbores que produzan froitos distintos dos froitos de casca citados no artigo 41, a condición de que o seu número non supere o 10 por cento do número de árbores establecidas na alínea c), no que respecta a árbores admisibles produtoras de froitos de casca.

b) Terán unha densidade mínima por hectárea de 80 árbores para amendoeira, 150 para abeleira e pistacho, 60 para nogueira e 30 para alfarrobeira.

c) Estarán incluídas entre os recursos produtivos dunha organización ou agrupación de produtores recoñecida para algunha das categorías que inclúan os froitos de

casca, de acordo cos artigos 11 ou 14 do Regulamento (CE) n.º 2200/96 do Consello, do 28 de outubro de 1996, polo cal se establece a organización común de mercados no sector das froitas e hortalizas, para os produtos citados no número 1 do artigo 41.

SECCIÓN 7.^a AXUDA AOS PRODUTORES DE SEMENTES

Artigo 43. *Axuda para as sementes.*

1. Concederáselles a axuda prevista no artigo 99 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 aos produtores de sementes de base ou sementes certificadas das especies establecidas no anexo XI do dito regulamento, en que se indican os importes da axuda por especie e variedade que poderán percibir os beneficiarios.

2. A axuda supeditarase, ademais, ao cumprimento dos seguintes requisitos para as sementes:

a) Ter sido certificadas oficialmente, de acordo coas directivas a que se refire o artigo 46 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004.

b) Ter sido producidas nas condicións previstas no artigo 47 do citado Regulamento (CE) n.º 1973/2004.

Para os efectos do previsto nas alíneas a) e b), deberase presentar, ante a comunidade autónoma en cuxo territorio se multiplique a semente, para o seu rexistro, antes das datas límite que se indican a continuación, o correspondente contrato de multiplicación, segundo o modelo que inclúa, polo menos, os datos que figuran no anexo XII, ou a declaración de cultivo, no caso de produción en cultivo directo polo establecemento de sementes.

1.º Todas as especies, excepto arroz:

O 1 de febreiro de 2005, para as sementeiras de outono.

O 15 de maio de 2005, para sementeiras de primavera.

2.º Sementes de arroz: o 30 de xuño de 2005.

c) Ter sido recolectadas no ano 2005 no territorio nacional e comercializadas para a sementeira antes do 15 de xuño de 2006.

Considerarase que se cumpriu o requisito de ter comercializado unha semente para a sementeira:

1.º Cando a semente fose vendida a un establecemento autorizado e, unha vez procesada e envasada, fose certificada oficialmente. A venda acreditarase mediante factura, albará ou outros documentos que a proben.

2.º O establecemento autorizado debe acreditar que a semente, unha vez envasada, precintada e certificada oficialmente, se comercializou segundo o disposto no artigo 49 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004.

3. Os beneficiarios deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Xuntarlle á solicitude única de axuda unha copia da declaración de cultivo ou, se é o caso, do contrato de multiplicación. Non obstante, no suposto das sementeiras de primavera de sementes distintas do arroz e no caso das sementes de arroz, tanto a declaración de cultivo como o contrato poderán non xuntárselle á dita solicitude, pero deberanse presentar con posterioridade ante a comunidade autónoma receptora da solicitude única de axuda, antes das datas sinaladas no número 2.

b) Presentar antes do día 30 de abril de 2006, ante a comunidade autónoma en que se presentou a solicitude única de axuda, a información sobre a cantidade de semente certificada producida, expresada en quintais cun decimal, para a que se solicita a axuda, por cada especie, xunto co certificado oficial expedido pola comunidade autónoma correspondente en que deberá figurar, como mínimo:

1.º A identificación da acta de precintado (número e data da acta).

2.º O número de cada lote correspondente á dita acta.

3.º A cantidade de semente certificada de cada lote.

c) Presentar, no caso de produción mediante contrato de multiplicación, antes do 30 de abril de 2006, unha certificación do establecemento de sementes que conterá, como mínimo, os datos que figuran no anexo XIII.

4. Para as sementes en que é posible a súa derivación a usos de alimentación humana ou animal, salvo que fosen tratadas ou coloreadas as sementes de forma que se imposibilite a dita derivación, deberá quedar suficientemente probada, á satisfacción da autoridade competente, a súa non-derivación a tales usos.

SECCIÓN 8.ª AXUDA AOS PRODUTORES DE LÚPULO

Artigo 44. *Requisitos para optar á axuda.*

1. Concederáselles a axuda prevista no artigo 110 quindecies do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 e no artigo 12 do Regulamento (CEE) n.º 1696/1971 do Consello, do 26 de xullo de 1971, polo cal se establece a organización común de mercados no sector do lúpulo, aos produtores que cultiven lúpulo do código NC 1210 en superficies admisibles do territorio nacional.

2. Entenderase por superficie admisible:

a) A situada en zonas recoñecidas de produción de lúpulo, consonte o número 2 do artigo 6 do Regulamento (CEE) n.º 1784/77 do Consello, do 19 de xullo de 1977, relativo á certificación do lúpulo.

b) A plantada con lúpulo dunha variedade regulamentaria.

c) A efectivamente recolectada.

3. Os beneficiarios deberán cumprir as condicións de cultivo, recolección e densidade de plantación descritas no artigo 170 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004. Para os efectos de xustificar que a superficie foi efectivamente recolectada, os produtores presentarán, antes do 15 de setembro do 2005, unha declaración complementaria da solicitude única de axuda, que conterá, polo menos:

a) A identificación da solicitude única.

b) A superficie efectivamente recolectada.

TÍTULO III

Axudas á gandería

CAPÍTULO I

Pagamentos por gando vacún

SECCIÓN 1.ª CONDICIÓN COMÚNS DE CONCESIÓN

Artigo 45. *Identificación e rexistro do gando e importe das axudas.*

1. Cada animal polo cal se solicite unha axuda deberá estar identificado e rexistrado conforme as disposicións do Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo cal se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina, e dotado do documento de identificación a que se refire o citado real decreto.

2. Así mesmo, para se beneficiaren das axudas, os produtores deberán observar a totalidade das exixencias establecidas no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro.

3. Os importes unitarios dos pagamentos por gando vacún previstos neste capítulo serán os indicados no anexo XXVII.

Artigo 46. *Uso ou tenza de substancias prohibidas.*

1. De acordo co disposto no artigo 140 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, cando, en aplicación do Real decreto 1749/1998, do 31 de xullo, polo cal se establecen as medidas de control aplicables a determinadas substancias e os seus residuos nos animais vivos e os seus produtos, se detecten substancias prohibidas en virtude do Real decreto 2178/2004, do 12 de novembro, polo cal se prohibe utilizar determinadas substancias de efecto hormonal e tireostático e substancias betagonistas de uso na cría de gando, ou de substancias utilizadas ilegalmente, nun animal pertencente ao gando bovino dun produtor, ou cando se encontre unha substancia ou un produto autorizado, pero posuído de forma ilegal na explotación deste agricultor, en calquera forma, este quedará excluído, durante o ano natural en que se efectúe a comprobación, do beneficio dos importes previstos nas disposicións deste capítulo.

En caso de reincidencia, o período de exclusión prorrogase, en función da gravidade da infracción, en cinco anos a partir do ano en que se detectase a reincidencia.

2. En caso de obstrución, por parte do propietario ou do posuidor dos animais, das inspeccións e as tomas de mostras necesarias para a aplicación dos plans nacionais de control de residuos, así como das investigacións e controis previstos no Real decreto 1749/1998, do 31 de xullo, aplicaranse as exclusións previstas no número 1 deste artigo.

3. Calquera autoridade que, no exercicio das súas competencias, detecte algunha das anomalías establecidas nos números 1 e 2 deberálle comunicar ás autoridades competentes da xestión e o control das primas gandeiras da comunidade autónoma onde radique a explotación do produtor.

SECCIÓN 2.ª AXUDAS AFECTADAS POR CRITERIOS DE DENSIDADE GANDEIRA

Artigo 47. *Carga gandeira da explotación.*

1. A concesión das axudas establecidas nos artigos 48 a 51 estará supeditada a que a carga gandeira da explotación do solicitante non exceda de 1,8 unidades de gando maior (UGM) por hectárea dedicada á alimentación dos animais nela mantidos, de acordo coa declaración de superficie forraxeira realizada polo solicitante.

2. Non obstante, os produtores quedarán exentos da aplicación da carga gandeira cando o número de animais que manteñan na súa explotación e que se deba tomar en consideración para a determinación da dita carga non supere as 15 UGM e, ademais, non desexen percibir o pagamento por extensificación establecido no artigo 52.

3. A determinación da carga gandeira da explotación realizarase de acordo co disposto no anexo XIV.

Artigo 48. *Prima especial. Condicións xerais de concesión.*

1. Poderán obter a prima especial do artigo 123 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 os produtores de bovinos machos que o soliciten e cumpran as condicións descritas neste real decreto e na normativa comunitaria aplicable.

2. A prima especial concederase ata un máximo de 60 animais por explotación, ano civil e grupo de idade. No caso dos touros, un mesmo animal non poderá ser obxecto de máis dunha solicitude de prima. Os bois poderán ser obxecto de solicitude de prima unha vez por cada un dos grupos de idade que se citan na alínea b) do punto seguinte.

3. Só poderán ser obxecto de subvención os animais que na data inicial do período de retención:

a) Teñan, como mínimo, sete meses, no caso dos touros.

b) Se se trata de bois, teñan como mínimo sete meses e como máximo 19 no que respecta ao primeiro grupo de idade, ou como mínimo 20 meses no que respecta ao segundo grupo de idade.

4. Para ter dereito á prima especial, o produtor deberá manter na súa explotación, para a engorda, durante un período de retención de dous meses como mínimo, os animais incluídos na solicitude. Calquera variación do número de animais obxecto de solicitude, incluído o seu traslado, deberá ser comunicado polo solicitante á autoridade competente.

5. O número de bovinos machos primados en España non poderá exceder de 713.999 cabezas, sen prexuízo da redución relativa ás medidas específicas a favor das illas Canarias previstas segundo o artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 1454/2001 do Consello, do 28 de xuño de 2001, polo cal se aproban medidas específicas a favor das illas Canarias en relación con determinados produtos agrícolas e polo cal se derroga o Regulamento (CEE) n.º 1601/92 (Poseican), e o establecido no artigo 147 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

6. Cando o número de animais subvencionables supere o límite mencionado, reducirase proporcionalmente o número de animais con dereito a prima de cada produtor. Esta redución non lles será de aplicación aos pequenos produtores.

Enténdese por pequeno produtor:

a) O que solicite durante o ano 2005 a prima especial por un máximo de 10 animais.

b) O que solicite durante o ano 2005 a prima especial por un máximo de 20 animais e, ademais, conte na súa explotación, en xaneiro de 2005, cun número de vacas nutrices igual, como mínimo, ao dobre do número de tenreiros polos cales solicita a prima especial.

Artigo 49. *Concesión da prima aos cebadeiros comunitarios.*

1. Enténdese por cebadeiro comunitario os cebadeiros que cumpran as condicións descritas a continuación:

a) Que se axusten a algunha das formas xurídicas establecidas no artigo 6 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, e que teñan, ademais, entre os seus obxectivos a engorda ou ceba en común dos tenreiros nados nas explotacións de vacas de cría dos seus socios.

b) Que todos os socios que achegan animais á solicitude posúan vacas nutrices e dereitos de prima e solicitasen a prima por vaca nutriz no ano civil de que se trate.

c) Que no cebadeiro soamente se engorden os animais nados das vacas nutrices das explotacións dos seus socios.

2. Non obstante o disposto no número 2 do artigo 48, os cebadeiros comunitarios poderanse beneficiar da prima especial por un número de animais igual á suma do número achegado por cada un dos seus socios, respectando os máximos previstos no punto seguinte.

3. Cada socio só poderá achegar ao cebadeiro comunitario os bovinos machos nados na súa explotación, respectando o máximo de 60 animais por explotación de cada un dos seus socios.

4. Para os efectos do cálculo da prima correspondente, terase en conta o número 6 do artigo 48 para os socios dos ditos cebadeiros comunitarios que sexan pequenos produtores.

5. Os socios que figuren nunha solicitude presentada por un cebadeiro comunitario non poderán solicitar a prima especial por bovinos machos a título individual nin como

participantes na solicitude presentada por outro cebadeiro comunitario.

Artigo 50. *Prima por vaca nutriz.*

1. Poderán obter a prima prevista no artigo 125 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, logo de solicitude, os produtores que manteñan vacas nutrices, cando reúnan as seguintes condicións:

a) Que teñan asignado un límite individual de dereitos de prima, de acordo co establecido no Real decreto 1839/1997, do 5 de decembro, polo cal se establecen as normas para a realización de transferencias e cesións de dereitos de prima e para o acceso ás reservas nacionais respecto aos produtores de ovino e caprino e dos que manteñen vacas nutrices.

b) Que non vendan leite ou produtos lácteos da súa explotación durante os 12 meses seguintes á presentación da solicitude ou, se o venden, que teñan unha cantidade de referencia individual dispoñible en 31 de marzo do ano 2005 igual ou inferior a 120.000 quilogramos.

c) Que mantivesen na súa explotación, durante un período de retención mínimo de seis meses consecutivos, un número de vacas nutrices polo menos igual ao 60 por cento do número total de animais polo cal solicita a axuda e un número de xovencas que non supere o 40 por cento do citado número total. Calquera variación do número de animais obxecto de solicitude, incluído o seu traslado, deberá serlle comunicado polo solicitante á autoridade competente na forma en que esta determine.

En caso de que o cálculo do número máximo de xovencas, expresado en forma de porcentaxe, dea como resultado un número fraccionario de animais, o dito número redondearase á unidade inferior se é inferior a 0,5, e ao número enteiro superior se é igual ou superior a 0,5.

2. Serán obxecto de axuda as vacas nutrices e as xovencas que pertencen a unha raza cárnica ou procedan dun cruzamento cunha destas razas e que formen parte dun rabaño destinado á cría de tenreiros para a produción de carne. Para estes efectos, non se considerarán vacas ou xovencas de raza cárnica as das razas bovinas enumeradas no anexo XV do Regulamento (CE) n.º 1973/2004.

3. Cando na explotación se venda leite, para determinar o número de cabezas con dereito a prima, a pertenza dos animais ao censo de vacas leiteiras ou ao de nutrices establecerase mediante a relación entre a cantidade de referencia do beneficiario e o rendemento leiteiro medio para España establecido no anexo XVI do Regulamento (CE) n.º 1973/2004. Non obstante, os produtores que acrediten oficialmente un rendemento leiteiro superior poderán utilizar este último para a realización do cálculo.

Artigo 51. *Prima complementaria por vaca nutriz. Contía do financiamento comunitario e nacional.*

Os beneficiarios da prima por vaca nutriz regulada no artigo anterior obterán unha prima complementaria de 24,15 euros, para idéntico número de cabezas. A forma de financiamento desta prima variará segundo a zona onde se sitúen as explotacións:

a) Se as explotacións se encontran nalgunha das rexións definidas nos artigos 3 e 6 do Regulamento (CE) n.º 1260/1999 do Consello, do 21 de xuño de 1999, polo cal se establecen disposicións xerais sobre os fondos estruturais, a totalidade da prima financiarase con cargo á Sección Garantía do FEOGA.

b) Se as explotacións se localizan noutras rexións, a axuda financiarase con cargo aos orzamentos xerais do Estado, que se transferirán ás comunidades autónomas de acordo co disposto no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 52. *Pagamento por extensificación. Condicións xerais de concesión.*

1. Os beneficiarios da prima especial, da prima ás vacas nutrices ou de ambas as dúas recibirán, logo de solicitude, un pagamento por extensificación en relación co ano civil de que se trate, cando a carga gandeira da súa explotación sexa inferior ou igual a 1,4 UGM por hectárea.

2. Para estes efectos, os solicitantes poderanse acoller, á súa elección, a dúas modalidades de acceso ao réxime de pagamento por extensificación:

a) Réxime simplificado, para aqueles produtores que se comprometan a manter durante todos os días ao longo do ano natural unha densidade gandeira igual ou inferior a 1,4 UGM por hectárea.

b) Réxime medio, para aqueles produtores que manteñan durante o ano unha densidade gandeira igual ou por debaixo de 1,4 UGM por hectárea, calculada en forma de media aritmética, sobre a base do censo da explotación nas datas de reconto establecidas conforme o disposto no número 5.

3. En ambas as modalidades, e non obstante o disposto no artigo 47, para o acceso ao pagamento por extensificación, a carga gandeira da explotación determinarase:

a) Tendo en conta todos os bovinos, machos e femias, presentes na explotación durante o ano de que se trate, así como todas as cabezas de gando ovino e caprino polas cales se presentase solicitude de prima, e

b) Tomando en consideración para o cálculo da carga gandeira unha superficie forraxeira que se comporá nun 50 por cento, polo menos, de terras de pastoreo segundo se definen no artigo 2 deste real decreto. Non se poderán considerar superficies forraxeiras as utilizadas para a produción de cultivos herbáceos segundo a definición do anexo IX do Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

4. O número de animais converterase en UGM da forma descrita na alínea a) do número 1 do anexo XIV.

5. Os produtores de vacún que desexen beneficiarse do pagamento por extensificación de acordo coa modalidade «media» descrita no número 2.b) deberán declarar o censo de gando vacún das súas explotacións en cinco datas de reconto ao longo do ano 2005, establecidas aleatoriamente, que se publicarán no «Boletín Oficial del Estado».

No prazo dun mes tras a publicación das datas de reconto, os produtores deberánlle presentar á autoridade competente unha declaración do censo de vacún presente nas súas explotacións nas ditas datas, nos soportes ou formularios que a autoridade competente estableza e que conterán, polo menos, os datos do anexo XXVI.

Non se lles efectuarán pagamentos por extensificación a aqueles produtores cuxas declaracións de carga gandeira mostren un censo de animais igual a cero en máis dunha das ditas datas.

Así mesmo, se o contido da declaración evidencia nunha data de reconto un censo inferior nun 70 por cento á media aritmética das cinco datas, o produtor deberá demostrar que tal censo obedece a prácticas habituais de xestión da explotación.

Non obstante o disposto nos dous primeiros parágrafos deste punto, e sempre que todas as unidades de produción gandeiras do titular estean radicadas na mesma comunidade autónoma, a autoridade competente obterá a información sobre a carga gandeira das explotacións nas cinco datas de reconto a partir do contido da base de datos a que se refire o Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, e non será necesario que os produtores presenten ningunha declaración ao respecto.

Artigo 53. *Terras de pastoreo.*

1. A clasificación dos diferentes tipos de terras de pastoreo que efectúen, se é o caso, as comunidades autónomas incluírá, como mínimo, unha descrición xeral das superficies e das condicións de aproveitamento da terra polo gando.

2. Co fin de garantir a adecuada aplicación deste real decreto, naquelas explotacións en que a terra de pastoreo se encontra xeograficamente separada do resto da explotación, o produtor deberá demostrar que existe aproveitamento dela polos animais da súa explotación. As terras consideraranse xeograficamente separadas cando sexa necesario utilizar un medio de transporte para desprazar os animais ás ditas terras, excepto no caso de transhumancia tradicional.

SECCIÓN 3.ª PRIMAS POR SACRIFICIO**Artigo 54. *Condicións xerais de concesión.***

1. Os produtores de gando vacún poderán obter, logo de solicitude, a prima por sacrificio establecida no artigo 130 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 cando os seus animais se sacrifiquen no interior da Unión Europea ou se exporten vivos a un país terceiro.

2. Só serán obxecto de subvención os bovinos que, na data de sacrificio:

a) Teñan polo menos oito meses de idade («prima polo sacrificio de bovinos adultos»), ou

b) Teñan máis dun mes e menos de oito meses e un peso en canal de 185 quilogramos como máximo («prima polo sacrificio de tenreiros»). Non obstante, no caso dos animais de menos de seis meses de idade, a condición relativa ao peso entenderase respectada.

Nos demais casos, para a determinación do peso en canal terase en conta a presentación e a preparación das canais que se describe no anexo XV.

Se, por circunstancias excepcionais, non é posible determinar o peso en canal do animal, considerarase que se cumpren as condicións regulamentarias sempre que o peso «en vivo» non supere os 300 quilogramos.

3. Para ter dereito á prima, o período de retención mínimo será de dous meses, sempre que este finalizase no prazo máximo dun mes antes do sacrificio. No caso dos tenreiros sacrificados antes dos tres meses de idade, o período de retención será dun mes.

4. A prima por sacrificio de bovinos adultos concederase en España por un máximo de 1.982.216 animais e 25.629 tenreiros, sen prexuízo da redución relativa ás medidas específicas a favor das illas Canarias previstas segundo o artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 1454/2001.

5. Cando o número de animais subvencionables supere os límites previstos no punto anterior, reducirase proporcionalmente o número de animais con dereito a prima de cada produtor.

Artigo 55. *Declaración de participación dos establecementos de sacrificio.*

1. Para simplificar a xestión e facilitar o control das primas ao sacrificio, os establecementos de sacrificio autorizados que desexen participar por primeira vez como colaboradores no réxime de primas ao sacrificio deberán declarar previamente a súa participación á autoridade competente da comunidade autónoma en que estean radicados.

2. Para tal fin, a declaración de participación conterá, polo menos, os seguintes extremos:

a) Identificación do establecemento, incluíndo o número de rexistro sanitario e o número de rexistro de explotacións atribuído en virtude do Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro.

b) O compromiso de levar un rexistro, que poderá estar informatizado, relativo aos sacrificios de todos os animais bovinos, que inclúa, como mínimo:

- 1.º Data de sacrificio.
- 2.º Números de identificación dos animais, de acordo co establecido no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro.
- 3.º Números de identificación das canais, relacionados coas dos animais.
- 4.º Peso de cada unha das canais dos bovinos de idades comprendidas entre os cinco e sete meses.

c) Descrición da presentación e a preparación habitual das canais dos bovinos de máis dun mes e menos de oito meses que se utiliza no establecemento e o compromiso de realizar a determinación do peso das canais conforme o procedemento descrito no anexo XV.

d) O compromiso de se someteren aos controis que estableza a autoridade competente e colaboraren á súa realización.

3. O incumprimento dalgún dos compromisos contidos na declaración de participación, ou das obrigas establecidas no artigo 13 do Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, ou do prazo establecido no artigo 56.4 deste real decreto dará lugar á exclusión do establecemento da participación no réxime de primas durante un ano, sen prexuízo das responsabilidades de toda índole que puidesen derivar, especialmente as recollidas na Lei 26/2001, do 27 de decembro, pola cal se establece o sistema de infraccións e sancións en materia de encefalopatías esponxiformes transmisibles.

Artigo 56. *Proba de sacrificio.*

1. Só se poderán ter en conta para os efectos da prima por sacrificio os animais que fosen sacrificados en establecementos de sacrificio que declarasen a súa participación nas ditas primas, conforme o disposto no artigo 55 deste real decreto, que estean rexistrados conforme o previsto no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro.

2. A comunicación da baixa do animal realizada polo establecemento de sacrificio conforme o establecido no artigo 13 do Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, terá a consideración de proba de sacrificio no sentido aludido polo artigo 121.1.a) do Regulamento (CE) n.º 1973/2004.

3. Ademais, no caso da prima por sacrificio de trenzeiros e por petición do produtor, o establecemento de sacrificio expedirá unha certificación do peso en canal de cada animal incluído nunha solicitude de axuda, salvo que lle comunique o dito dato á autoridade competente.

4. Sen prexuízo dos prazos de comunicación das baixas de animais que establece o artigo 13 do Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, e para os efectos de que as autoridades competentes poidan realizar as comprobacións previas ao pagamento da prima por sacrificio, todos os animais sacrificados en España durante o ano 2005 deberán constar no servidor central da base de datos do sistema de identificación e rexistro dos bovinos, establecida no artigo 12 do dito real decreto, como máis tarde o 28 de febreiro de 2006.

Artigo 57. *Concesión da prima ao sacrificio no caso de expedición ou exportación dos animais fóra de España.*

1. No caso de expedición de animais subvencionables a outro Estado membro da Unión Europea, a prima solicitarase e concederase en España. As condicións aplicables serán as descritas no artigo 54 deste real decreto. Non obstante, a proba de sacrificio neste caso consistirá nun certificado emitido polo matadoiro do Estado membro de destino, que conterá as mencións descritas no artigo 121.1.a) do Regulamento (CE) n.º 1973/2004.

2. Se os animais son exportados a un país non pertencente á Unión Europea, as condicións serán as mesmas, pero a proba de sacrificio será substituída pola presentación das probas da exportación, tal e como figura no anexo XVI.

Artigo 58. *Año de imputación da prima por sacrificio.*

O ano do sacrificio ou da exportación determinará o ano de imputación dos animais que sexan obxecto dunha solicitude de prima por sacrificio.

SECCIÓN 4.ª PAGAMENTOS ADICIONAIS

Artigo 59. *Principios xerais de concesión dos pagamentos adicionais.*

1. As autoridades competentes das comunidades autónomas efectuarán anualmente pagamentos adicionais aos produtores radicados no seu ámbito territorial polas contías totais que se recollen no anexo XVII.

2. Os pagamentos adicionais adoptarán a modalidade de pagamentos por cabeza de gando e realizaranse de acordo cos criterios que cada comunidade autónoma considere oportunos, de entre as modalidades establecidas no artigo 60. A súa contía non se poderá vincular ás fluctuacións dos prezos de mercado.

3. Para garantir un trato equitativo aos produtores do conxunto do Estado e evitar as distorsións do mercado e da competencia, os pagamentos adicionais, baixo calquera das súas modalidades, non poderán ter un importe unitario superior aos 100 euros por cabeza e ano.

4. Non obstante os criterios de concesión e as contías establecidos neste real decreto, dadas as especificidades da súa produción de carne de vacún, a Comunidade Autónoma das Illes Balears poderá establecer un réxime específico para a aplicación dos pagamentos adicionais, sempre que estes adopten a forma de pagamentos por cabeza e cumpran os requisitos previstos nos artigos 134 e 135 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003. Así mesmo, o importe unitario poderá ser superior ao mencionado no punto anterior.

5. A autoridade competente poderá incrementar ata nun 50 por cento a contía unitaria dos pagamentos adicionais naqueles casos en que os beneficiarios sexan agricultores mozos, ou posúan vacas nutrices ou xovencas inscritas nalgún dos libros xenealóxicos das razas bovinas autóctonas, tal e como se definen no Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro, polo cal se actualiza o Catálogo Oficial de Razas de Gando en España.

O incremento da contía unitaria, que poderá ser diferente para cada caso e sempre dentro do límite do 50 por cento, non será computable para os efectos da superación do importe máximo fixado no número 3 anterior.

Artigo 60. *Modalidades dos pagamentos adicionais.*

Os pagamentos adicionais poderán adoptar unha ou varias das modalidades seguintes, segundo o que estableza a autoridade competente:

1. Pagamentos adicionais á prima especial por bovino macho, pagamentos adicionais á prima por vaca nutriz ou pagamentos adicionais á prima por sacrificio de bovinos adultos, nalgúnha das condicións seguintes:

a) Que os pagamentos estean destinados a explotacións cualificadas como «explotación gandeira ecolóxica» de acordo cos requisitos do Regulamento (CE) n.º 1804/1999 do Consello, do 19 de xullo de 1999, polo cal se completa, para incluír as producións animais, o Regulamento (CE) n.º 2092/91 sobre produción agrícola ecolóxica e a súa indicación en produtos agrarios e alimentarios, sempre que estea sometida a un sistema de control externo que se axuste á norma EN 45011.

b) Que os pagamentos estean destinados a produtores cuxas explotacións contribúan á fixación da poboación en determinadas zonas desfavorecidas, de acordo co establecido nos artigos 18, 19 e 20 do Regulamento (CE) n.º 1257/1999.

As comunidades autónomas poderán restrinxir o ámbito destas zonas en función das súas propias especificidades. En todo caso, entenderase que contribúe á fixación da poboación a circunstancia de que a residencia do gandeiro estea situada no termo municipal ou a comarca onde radica a explotación ou, cando así o determine a autoridade competente, nun termo municipal limítrofe co municipio ou comarca en que estea situada a explotación.

c) Que os pagamentos estean destinados a produtores titulares ou cotitulares de explotacións agrarias prioritarias tal e como se definen na Lei 19/1995, do 4 de xullo.

d) Que os pagamentos sexan para explotacións que teñan unha cualificación sanitaria de B4 (oficialmente indemne de brucelose) e T3 (oficialmente indemne de tuberculose), tal e como se definen no artigo 3 do Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo cal se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais.

e) Que os pagamentos sexan para as explotacións que obtivesen nos cinco anos anteriores, ao abeiro do derogado Real decreto 204/1996, do 9 de febreiro, polo cal se ditan normas relativas á modernización das explotacións agrarias, ou do Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias, algunha de entre os seguintes tipos de axudas oficiais:

1.^a Axuda para a realización de investimentos na explotación agraria.

2.^a Axuda para a primeira instalación de agricultores mozos.

3.^a Axudas a investimentos en plans de mellora destinadas a adecuar a base territorial da explotación.

2. Pagamentos adicionais á prima por vaca nutriz, para os produtores que cumpran algunha das condicións seguintes:

a) Que a explotación reduza a súa carga gandeira expresada en UGM por hectárea de superficie forraxeira, nun mínimo do 15 por cento, con respecto á carga gandeira consignada para a explotación no ano inmediatamente anterior. Para estes efectos, a superficie forraxeira que se considerará será a definida conforme o artigo 52.

A redución da carga gandeira que dará dereito a percibir o pagamento complementario alcanzarase reducindo o número de cabezas de gando da explotación.

Non obstante o anterior, a autoridade competente poderá admitir en casos excepcionais que a diminución da carga gandeira se alcance aumentando a superficie de pastoreo, entendida esta no sentido do artigo 53, sempre que se trate de explotacións en procesos de reestruturación. Neste último caso, as comunidades autónomas establecerán medidas para que este pagamento adicional non constitúa un estímulo para alterar o espazo natural, en concreto, mediante o recurso a queimas ou prácticas tendentes a ampliar a superficie destinada a pastos con prexuízos graves para outros ecosistemas.

b) Que a explotación manteña unha determinada carga gandeira ou pretenda reducila, co propósito de preservar o medio en determinadas zonas. A autoridade competente definirá estas zonas, así como o limiar máximo de carga gandeira para elas ou, se é o caso, o nivel de redución da carga gandeira que dará dereito a percibir este pagamento adicional, tomando como referencia para isto a carga gandeira da explotación no ano 2004.

3. Pagamentos adicionais á prima especial por bovino macho, para aqueles produtores en cuxas explotacións se

engorden bovinos que pertencen a algunha das razas autóctonas, tal e como se definen no Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro.

4. Pagamentos adicionais á prima por sacrificio de bovinos adultos, aos produtores que cumpran algunha das condicións seguintes:

a) Que os pagamentos se destinen a produtores que estean comercializando animais a través de programas de etiquetaxe facultativa de carne de vacún, de acordo co artigo 16 do Regulamento (CE) n.º 1760/2000 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xullo de 2000, polo cal se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina e relativo á etiquetaxe da carne de vacún, e dos produtos a base de carne de vacún e polo cal se derroga o Regulamento (CE) n.º 820/97 do Consello, en cuxo prego de condicións se prevexa a inclusión de informacións adicionais nas etiquetas do produto.

Estas informacións referiranse:

1.º Ás condicións de alimentación do gando.

2.º Ao sistema ou modo de produción, ou

3.º Aos datos básicos dos animais de que procede a carne, tales como a súa idade, a raza, a orixe ou outras informacións.

O sistema de control establecido pola entidade en aplicación do artigo 16 do Regulamento (CE) n.º 1760/2000 debe incluír, expresamente, o control externo da veracidade de todas estas informacións a través de entidades de control que cumpran a norma EN 45011 e dispoñan do oportuno certificado de acreditación.

b) Que os pagamentos se destinen a produtores que estean comercializando animais a través de indicacións xeográficas protexidas, de acordo co establecido no Regulamento (CEE) n.º 2081/92 do Consello, do 14 de xullo de 1992, relativo á protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios, sempre que estean suxeitas a un control externo a través de entidades de control que cumpran a norma EN 45011 e dispoñan do oportuno certificado de acreditación.

c) Que os pagamentos se destinen a aqueles produtores que engorden na súa explotación, ata o sacrificio, os animais nados das súas vacas nutrices.

CAPÍTULO II

Primas por gando ovino e caprino

Artigo 61. *Condicións xerais de concesión.*

1. Para teren dereito ás axudas, os solicitantes deberán:

a) Ter asignado un límite individual de dereitos de prima, de acordo co establecido no Real decreto 1839/1997, do 5 de decembro.

b) Manter na súa explotación, durante un período de retención de 100 días, un número de animais, polo menos igual a aquel polo cal solicitasen a axuda e que, como mínimo, teñan un ano de idade ou parisen, o último día do período de retención. Calquera variación do número de animais obxecto de solicitude, incluído o seu traslado, deberá serlle comunicado polo solicitante á autoridade competente.

c) Cumprir coas obrigas derivadas do Regulamento (CE) n.º 21/2004 do Consello, do 17 de decembro de 2003, polo cal se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie ovina e caprina e se modifican o Regulamento (CE) n.º 1782/2003 e as directivas 92/102/CEE e 64/432/CEE.

2. O número de animais polo cal se presente unha solicitude de prima non poderá ser inferior a 10.

Artigo 62. *Prima por ovella e por cabra.*

1. O produtor que posúa ovellas na súa explotación poderá, logo de petición, obter a prima por ovella prevista no número 1 do artigo 113 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, de acordo coas condicións previstas neste real decreto e na normativa comunitaria.

2. O produtor que posúa cabras na súa explotación poderá, logo de petición, obter a prima por cabra prevista no número 2 do mencionado artigo 113 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, sempre que a súa explotación teña polo menos un 50 por cento da superficie dedicada á agricultura nalguna das zonas indicadas no anexo XVIII.

3. O importe destas primas, así como o correspondente á prima adicional e aos períodos de pagamento destas axudas, figuran no anexo XIX.

4. O período que se debe considerar en relación cos produtores de ovino que comercializan leite ou produtos lácteos de ovella é o ano natural correspondente a aquel en que se solicita a prima.

Artigo 63. *Prima adicional.*

1. Poderán obter a prima adicional prevista no artigo 114 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 os produtores de ovino e caprino cuxa explotación se encontre situada nalguna das zonas que se definen no anexo XIX deste real decreto, e sempre que polo menos o 50 por cento da superficie da súa explotación dedicada á agricultura se sitúe en zonas desfavorecidas segundo a definición establecida no Regulamento (CE) n.º 1257/1999. Ademais, no caso de produtores de cabras, estas zonas desfavorecidas deberán corresponder ás zonas definidas no anexo XVIII.

2. A prima adicional concederáselles tamén, logo de petición, aos produtores que practiquen a transhumancia, sempre que:

a) Polo menos o 90 por cento dos animais polos cales se solicita a prima pade durante 90 días consecutivos nunha das zonas definidas no número 1.

b) A sede da súa explotación estea situada nunha das zonas establecidas no anexo XXI.

Artigo 64. *Pagamentos adicionais.*

1. A concesión dos pagamentos adicionais, previstos no artigo 119 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, deberase axustar aos seguintes principios xerais:

a) As autoridades competentes efectuaránlles anualmente pagamentos adicionais aos produtores radicados no seu ámbito territorial sen superaren as contías totais que se recollen no anexo XXII.

b) Non obstante o establecido no parágrafo anterior, as autoridades competentes poderán adoptar a decisión de completar a cantidade global asignada ao seu ámbito territorial recollida no anexo XXII, mediante a redución da contía dos pagamentos, previstos nos números 1 e 2 do artigo 62, ata un máximo dun euro.

c) Os pagamentos adicionais adoptarán a forma de pagamentos por cabeza de gando e realizaranse de acordo cos criterios que cada comunidade autónoma considere oportunos, de entre as modalidades establecidas no número 2 deste artigo. A súa contía non se poderá vincular ás flutucións dos prezos de mercado.

d) Para garantirlles un trato equitativo aos produtores do conxunto do Estado e evitar as distorsións do mercado e da competencia, os pagamentos adicionais, baixo calquera das súas modalidades, non poderán ter un importe unitario superior aos catro euros por cabeza e ano.

e) A autoridade competente poderá incrementar ata nun 50 por cento a contía unitaria dos pagamentos adicionais cando os beneficiarios se encontren nalguna destas circunstancias:

1.ª Sexan agricultores mozos ou posúan animais ovinos ou caprinos inscritos nalgún dos libros xenealóxicos das razas ovinas ou caprinas que figuran no Catálogo Oficial de Razas de Gando en España, tal e como se definen no Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro.

2.ª O incremento da contía unitaria, que poderá ser diferente para cada caso e sempre dentro do límite do 50 por cento, non será computable para os efectos da superación do importe máximo fixado na alínea d) deste punto.

2. Os pagamentos adicionais poderán adoptar unha ou varias das modalidades seguintes, segundo o que estableza a autoridade competente:

a) Pagamentos adicionais aos produtores de ovino e caprino, que posúan explotacións que contribúan á fixación da poboación en determinadas zonas, aínda que non estean catalogadas como desfavorecidas de acordo co establecido nos artigos 18, 19 e 20 do Regulamento (CE) n.º 1257/1999.

As comunidades autónomas poderán restrinxir o ámbito destas zonas en función da súa propia especificidade, así como establecer o criterio consonte o cal valoraran a contribución destas explotacións á fixación da poboación. Este criterio basearase, con carácter xeral, na existencia de que a residencia do gandeiro estea situada no termo municipal ou a comarca onde radica a explotación ou, cando así o determine a autoridade competente, nun termo municipal limítrofe co municipio ou comarca en que se encontre situada a explotación.

b) Pagamentos adicionais aos produtores titulares ou cotitulares de explotacións agrarias prioritarias, tal e como se definen na Lei 19/1995, do 4 de xullo.

c) Pagamentos adicionais aos produtores que posúan explotacións cualificadas como «explotacións gandeiras ecolóxicas», de acordo cos requisitos do Regulamento (CE) n.º 1804/1999.

d) Pagamentos adicionais aos produtores que pertencen a cooperativas ou agrupacións de produtores agrarios (APA), cuxa finalidade sexa a mellora e racionalización da transformación e comercialización da carne de ovino e caprino.

e) Pagamentos adicionais aos produtores que posúan explotacións que obtivesen nos cinco anos anteriores, ao abeiro do derogado Real decreto 204/1996, do 9 de febreiro, ou do Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, algunha de entre os seguintes tipos de axudas oficiais:

1.ª Axuda para a realización de investimentos na explotación agraria.

2.ª Axuda para a primeira instalación de agricultores mozos.

3.ª Axudas a investimentos en plans de mellora destinados a adecuar a base territorial da explotación.

f) Pagamentos adicionais aos produtores de explotacións que teñan a cualificación sanitaria de M3 ou M4, tal e como se definen no Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro.

g) Pagamentos adicionais aos produtores integrados en agrupacións de defensa sanitaria (ADS), reguladas no Real decreto 1880/1996, do 2 de agosto.

h) Pagamentos adicionais aos produtores que participan en denominacións específicas de calidade, de conformidade co previsto no Regulamento n.º (CE) 2081/1992.

Artigo 65. *Relación de produtores de ovino que comercialicen leite e produtos lácteos de ovella.*

1. Para lle dar cumprimento ao establecido no artigo 75 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004, as comunidades autónomas establecerán nos 30 primeiros días do período de retención unha relación dos produtores de ovino que comercialicen leite e produtos lácteos de ovella.

2. Esta relación elaborase a partir das solicitudes a que se fai referencia no artigo 62 e, ademais, terase en conta

o resultado dos controis realizados, así como calquera outra fonte de información de que dispoña a autoridade competente, en concreto os datos obtidos dos transformadores ou os distribuidores acerca da comercialización de leite e produtos lácteos de ovella.

Artigo 66. *Coordinación.*

A mesa de coordinación das axudas gandeiras constituída pola Orde APA/1290/2003, do 19 de maio, adscrita ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, será a encargada de facilitar a función de coordinación das actuacións das distintas administracións públicas competentes na tramitación, resolución e pagamento das axudas comunitarias nos sectores da carne de vacún e de ovino e caprino, de maneira que se asegure unha actuación harmónica en todo o territorio do Estado español.

Disposición adicional única. *Aplicación ás illas Canarias.*

Nos sectores vacún, ovino e caprino non serán de aplicación nas illas Canarias, durante o ano 2005, as axudas previstas neste real decreto, de acordo co previsto no artigo 147 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

Segundo establece o dito artigo 147, durante o ano 2005 a Comunidade Autónoma de Canarias aplicará as primas dos sectores de vacún e ovino-caprino segundo o artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 1454/2001 do Consello, do 28 de xuño de 2001, polo cal se aproban medidas específicas a favor das illas Canarias en relación con determinados produtos agrícolas, e demais normas comunitarias concordantes.

Disposición transitoria única. *Incorporación de plans de mellora de froitos de casca e das alfarrobas.*

1. As superficies incluídas nun plan de mellora da calidade e da comercialización dos froitos de casca e das alfarrobas cuxa vixencia expírase antes do 1 de xaneiro de 2005 poderanse incorporar ao novo réxime de axudas regulado por este real decreto a partir da dita data.

2. As parcelas que estean nun plan vixente e cumprisen, antes do 1 de xaneiro de 2005, 10 anualidades por proceder doutro plan máis antigo, poderanse incorporar, así mesmo, ao novo réxime de axudas regulado por este real decreto, a partir da dita data.

3. As comunidades autónomas poderán decidir que parcelas incluídas en plans de mellora que cambien de titularidade, e cuxo titular estea acollido ao novo réxime, se incorporen a este, aínda que as ditas parcelas non cumprisen a décima anualidade no plan en que estean integradas.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto e, en particular, as seguintes:

a) O Real decreto 1026/2002, do 4 de outubro, sobre pagamentos por superficie a determinados produtos agrícolas.

b) O Real decreto 1072/2002, do 18 de outubro, sobre axudas comunitarias no sector das sementes.

c) O Real decreto 138/2002, do 1 de febreiro, sobre determinadas axudas comunitarias no sector da carne de vacún.

d) O Real decreto 139/2002, do 1 de febreiro, sobre determinadas axudas comunitarias no sector das carnes de ovino e caprino.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.ª da Constitución, que lle reserva ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento e modificación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar cantas disposicións sexan necesarias no ámbito das súas competencias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto e, en particular, para o seguinte:

a) A modificación dos anexos e, en particular, para a súa adaptación de acordo coas modificacións introducidas pola normativa comunitaria.

b) Adoptar as normas necesarias para coordinar a actuación das comunidades autónomas nas materias reguladas neste real decreto e, en especial, para modificar as datas establecidas nel.

c) Establecer nos meses de xuño e decembro as datas de recento do censo de gando vacún a que se refire o número 5 do artigo 52.

d) Determinar anualmente os factores de redución aplicables ás primas, especial e por sacrificio, no caso de que as solicitudes, con dereito a axuda, superen o límite do número de animais asignado a España pola Unión Europea.

e) Determinar anualmente os factores de redución dos importes unitarios de cada un dos pagamentos directos no caso de que os importes totais das axudas solicitadas superen os límites máximos fixados, de acordo co establecido no número 2 do artigo 71 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

f) Modificar, en función da evolución das estruturas de produción, a contía unitaria máxima dos pagamentos adicionais, prevista no artigo 59.

g) Establecer, en función da evolución do número de solicitudes ao longo do ano, un importe para os anticipos da prima especial e das primas por sacrificio. Estes anticipos estarán comprendidos entre o 40 e o 60 por cento do montante da prima.

Disposición derradeira terceira. *Ámbito temporal de aplicación das axudas.*

Este real decreto será de aplicación nas axudas á agricultura para a campaña de comercialización 2005/2006, e nas axudas á gandaría, ás solicitudes presentadas durante o ano 2005.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de decembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A Ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

1ª parte

ZONAS HOMOXÉNEAS DE PRODUCCIÓN (ZHP) EN ESPAÑA

SECAÑO		MILLO REGADÍO	
ZHP N°	Rdto. Característico t/ha	ZHP N°	Rdto. Característico t/ha
1	1,2	1	5,5
2	1,5	2	6,5
3	1,8	3	7,5
4	2,0	4	8,5
5	2,2	5	9,5
6	2,5	OUTROS CEREAIS DE REGADÍO	
ZHP N°	Rdto. Característico t/ha	ZHP N°	Rdto. Característico t/ha
7	2,7	1	3,5
8	3,2	2	3,9
9	3,7	3	4,3
10	4,1	4	4,6
11	4,4	5	5,0

2ª parte

DISTRIBUCIÓN DO RENDEMENTO DOS CEREAIS

Comarcas, provincias e comunidade autónoma	SECAÑO	REGADÍO			Índice barbeito
	Rdto. medio t/ha	Rdto. medio t/ha	Rdto. millo t/ha	Rdto. outros cereais t/ha	
LOS VELEZ	2,0	4,7	5,5	4,3	60
ALTO ALMANZORA	1,5	4,7	5,5	4,3	100
BAJO ALMANZORA	1,5	4,7	5,5	4,3	400
RIO NACIMIENTO	1,5	4,7	5,5	4,3	400
CAMPO TABERNAS	1,5	4,7	5,5	4,3	100
ALTO ANDARAX	1,5	4,7	5,5	4,3	400
CAMPO DALIAS	1,5	4,7	5,5	4,3	400
CAMPO NIJAR E BAJO ANDARAX	1,5	4,7	5,5	4,3	400
ALMERÍA	1,6	4,7	5,5	4,3	
CAMPIÑA DE CADIZ I	3,2				
CAMPIÑA DE CADIZ II	3,7				
CAMPIÑA DE CADIZ	3,6	6,0	7,5	5,0	0
COSTA NOROESTE DE CADIZ I	3,2				
COSTA NOROESTE DE CADIZ II	3,7				
COSTA NOROESTE DE CADIZ	3,6	5,7	7,5	4,6	0
SIERRA DE CADIZ I	2,5				
SIERRA DE CADIZ II	2,7				
SIERRA DE CADIZ	2,6	5,7	7,5	4,6	10
LA JANDA	3,2	5,7	7,5	4,6	10
CAMPO DE GIBRALTAR	3,2	5,7	7,5	4,6	10
CÁDIZ	3,4	5,9	7,5	5,0	
PEDROCHES I	1,5				
PEDROCHES II	2,2				
PEDROCHES	2,0	7,2	9,5	4,6	90
LA SIERRA	1,5	4,7	9,5	4,6	90
CAMPIÑA BAJA	3,7	6,7	9,5	5,0	0
LAS COLONIAS	3,2	5,4	9,5	5,0	

Comarcas, provincias e comunidade autónoma

CAMPIÑA ALTA	2,7	6,5	9,5	5,0	10
PENIBETICA	2,5	6,7	9,5	4,6	40
CÓRDOBA	3,0	6,7	9,5	5,0	
DE LA VEGA	2,5	5,7	9,5	4,3	40
GUADIX	1,8	4,9	6,5	4,3	100
BAZA	1,8	4,9	6,5	4,3	100
HUESCAR	1,5	4,9	6,5	4,3	70
IZNALLOZ	2,5	4,9	6,5	4,3	10
MONTEFRIO	2,5	4,9	6,5	4,3	10
ALHAMA	2,2	4,9	6,5	4,3	40
LA COSTA	1,8	5,2	7,5	4,3	120
LAS ALPUJARRAS	1,5	4,9	6,5	4,3	120
VALLE DE LECRIN	1,8	4,9	6,5	4,3	70
GRANADA	2,0	5,3	7,9	4,3	
SIERRA	1,5	7,2	7,5	4,3	150
ANDEVALO OCCIDENTAL	1,5	7,2	7,5	4,3	120
ANDEVALO ORIENTAL	1,5	8,1	9,5	4,3	70
COSTA	1,5	8,1	9,5	5,0	20
CONDADO CAMPIÑA	3,7	8,1	9,5	5,0	10
CONDADO LITORAL	2,7	8,1	9,5	5,0	40
HUELVA	2,5	8,4	8,6	4,6	
SIERRA MORENA	1,8	5,1	5,5	4,3	70
EL CONDADO	1,5	4,8	5,5	4,3	70
SIERRA DE SEGURA	1,5	4,8	5,5	4,3	70
CAMPIÑA DEL NORTE	2,5	5,7	7,5	4,3	10
LA LOMA	2,5	4,8	5,5	4,3	10
CAMPIÑA DEL SUR	2,5	5,7	7,5	4,3	10
MAGINA	1,8	4,8	5,5	4,3	50
SIERRA DE CAZORLA	1,8	4,8	5,5	4,3	30
SIERRA SUR	2,2	4,8	5,5	4,3	30
JAÉN	2,2	5,2	6,4	4,3	
NORTE O ANTEQUERA I	2,7				
NORTE O ANTEQUERA II	3,2				
NORTE O ANTEQUERA	2,9	5,5	7,5	5,0	10
SERRANIA DE RONDA	1,8	4,5	5,5	4,3	60
CENTRO SUR O GUADALHORCE	1,8	4,5	5,5	4,3	70
VELEZ-MALAGA	1,8	4,5	5,5	4,3	70
MÁLAGA	2,6	4,9	6,4	4,6	
LA SIERRA NORTE	1,8	5,0	5,5	4,3	30
LA VEGA	3,7	7,6	9,5	5,0	0
EL ALJARAFE	3,7	7,6	9,5	5,0	0
LAS MARISMAS	2,7	7,6	9,5	4,6	20
LA CAMPIÑA I	3,2				
LA CAMPIÑA II	3,7				
LA CAMPIÑA	3,2	7,6	9,5	5,0	0
SIERRA SUR	2,7	5,0	5,5	4,3	10
ESTEPA	3,2	7,6	9,5	5,0	0
SEVILLA	3,1	7,3	9,0	4,9	
ANDALUCÍA	2,7	6,2	8,4	4,6	

Comarcas, provincias e comunidade autónoma	SECAÑO					Comarcas, provincias e comunidade autónoma	REGADÍO				
	Rdto. medio t/ha	Rdto. medio t/ha	Rdto. millo t/ha	Rdto. outros cereais t/ha	Índice barbeito		Rdto. medio t/ha	Rdto. medio t/ha	Rdto. millo t/ha	Rdto. outros cereais t/ha	Índice barbeito
JACETANIA	2,7	4,1	6,5	3,5	10	ZARAGOZA I	1,5				
SOBRARBE	2,7	4,1	6,5	3,5	10	ZARAGOZA II	1,8				
RIBAGORZA	2,7	4,1	6,5	3,5	10	ZARAGOZA	1,7	5,7	7,5	4,3	90
HOYA DE HUESCA I	1,8					DAROCA I	2,0				
HOYA DE HUESCA II	2,0					DAROCA II	2,5				
HOYA DE HUESCA III	2,2					DAROCA	2,4	5,2	6,5	3,9	20
HOYA DE HUESCA IV	2,5					CASPE I	1,5				
HOYA DE HUESCA	2,4	4,6	7,5	3,9	20	CASPE II	1,8				
SOMONTANO	2,5	4,3	7,5	3,5	20	CASPE	1,6	5,7	7,5	3,9	100
MONEGROS I	1,8				100	ZARAGOZA	1,9	5,7	7,5	4,2	
MONEGROS II	2,2				30						
MONEGROS	1,9	4,6	7,5	3,9		ARAGÓN	2,0	5,1	7,4	3,9	
LA LITERA I	2,2										
LA LITERA II	2,5					VEGADEO	3,2	5,5	5,5	0,0	0
LA LITERA	2,4	4,6	7,5	3,9	30	LUARCA	4,1	5,5	5,5	0,0	0
BAJO CINCA	1,8	4,3	7,5	3,5	100	CANGAS DEL NARCEA	3,2	5,5	5,5	0,0	0
HUESCA	2,2	4,5	7,5	3,8		GRADO	4,1	5,5	5,5	4,3	0
CUENCA DEL JILOCA I	2,2					BELMONTE DE MIRANDA	3,2	5,5	5,5	0,0	0
CUENCA DEL JILOCA II	2,5					GIJON	4,1	5,5	5,5	0,0	0
CUENCA DEL JILOCA	2,3	4,6	6,5	3,9	40	OVIEDO	4,1	5,5	5,5	0,0	0
SERRANIA DE MONTALBAN I	2,0				60	MIERES	2,7	5,5	5,5	0,0	0
SERRANIA DE MONTALBAN II	2,2				30	LLANES	4,1	5,5	5,5	0,0	0
SERRANIA DE MONTALBAN	2,1	4,3	6,5	3,5		CANGAS DE ONIS	3,2	5,5	5,5	0,0	0
BAJO ARAGON I	1,8					OVIEDO	3,9	5,5	5,5	0,0	
BAJO ARAGON II	2,0										
BAJO ARAGON III	2,2					ASTURIAS	3,9	5,5	5,5	0,0	
BAJO ARAGON	1,9	4,8	7,5	3,9	90						
SERRANIA DE ALBARRACIN	2,0	4,3	6,5	3,5	40	EIVISSA-FORMENTERA	1,2	4,4	5,5	3,5	40
HOYA DE TERUEL I	2,0				60	MALLORCA I	1,2				
HOYA DE TERUEL II	2,5				30	MALLORCA II	1,8				
HOYA DE TERUEL	2,1	4,3	6,5	3,5		MALLORCA III	3,2				
MAESTRAZGO	2,0	4,3	6,5	3,5	80	MALLORCA	2,5	4,4	5,5	3,5	30
TERUEL	2,1	4,6	6,8	3,8		MENORCA	1,2	4,4	5,5	3,5	20
EJEA DE LOS CABALLEROS I	1,8					BALEARES	2,0	4,4	5,5	3,5	
EJEA DE LOS CABALLEROS II	2,0										
EJEA DE LOS CABALLEROS III	2,2					BALEARES	2,0	4,4	5,5	3,5	
EJEA DE LOS CABALLEROS IV	2,5										
EJEA DE LOS CABALLEROS	2,2	5,7	7,5	4,3	40	GRAN CANARIA	1,2	5,2	5,5	3,5	400
BORJA I		5,7	7,5	3,9		FUERTEVENTURA	1,2	4,5	5,5	3,5	400
BORJA 2		5,7	7,5	4,3		LANZAROTE	1,2	4,5	5,5	3,5	400
BORJA I	1,8					LAS PALMAS DE GRAN CANARIA	1,2	5,2	5,5	3,5	
BORJA II	2,2					NORTE DE TENERIFE	2,0	5,5	5,5	3,5	60
BORJA	1,8	5,7	7,5	4,1	90	SUR DE TENERIFE	1,5	5,5	5,5	3,5	400
CALATAYUD I	2,0					ISLA DE LA PALMA	1,5	5,5	5,5	3,5	400
CALATAYUD II	2,2					ISLA DE LA GOMERA	1,2	5,5	5,5	3,5	400
CALATAYUD	2,1	5,0	6,5	3,5	100	ISLA DE HIERRO	1,2	5,2	5,5	3,5	30
LA ALMUNIA DE DOÑA GODINA I	1,5					SANTA CRUZ DE TENERIFE	1,7	5,5	5,5	3,5	
LA ALMUNIA DE DOÑA GODINA II	2,0										
LA ALMUNIA DE DOÑA GODINA III	2,2					CANARIAS	1,7	5,4	5,5	3,5	
LA ALMUNIA DE DOÑA GODINA	1,6	5,7	7,5	3,9	90						

Comarcas, provincias e comunidade autónoma	SECAÑO	REGADÍO			Índice barbeito
	Rdto. medio t/ha	Rdto. medio t/ha	Rdto. millo t/ha	Rdto. outros cereais t/ha	
COSTERA	4,1	5,5	5,5	4,3	0
LIEBANA	2,7	5,5	5,5	3,5	0
TUDANCA-CABUERNIGA	2,7	5,5	5,5	3,5	0
PAS-IGUÑA	3,2	5,5	5,5	4,3	0
ASON	3,2	5,5	5,5	4,3	0
REINOSA	4,1	5,5	5,5	4,3	
SANTANDER	3,9	5,5	5,5		
CANTABRIA	3,9	5,5	5,5		
MANCHA	2,0	5,1	5,5	4,3	33
MANCHUELA	2,2	5,2	5,5	4,6	33
SIERRA ALCARAZ	1,5	4,9	5,5	3,5	43
CENTRO	2,2	5,9	6,5	4,6	43
ALMANSA	1,5	4,9	5,5	3,5	53
SIERRA SEGURA	1,5	4,9	5,5	3,5	75
HELLIN	1,5	4,9	5,5	3,5	43
ALBACETE	2,0	5,4	6,0	4,2	
MONTES NORTE	1,5	4,1	5,5	3,5	80
CAMPO DE CALATRAVA	2,0	4,7	5,5	4,3	43
MANCHA	2,0	4,7	5,5	4,3	28
MONTES SUR	1,5	4,1	5,5	3,5	65
PASTOS	1,5	4,1	5,5	3,5	75
CAMPO DE MONTIEL	1,5	4,1	5,5	3,5	53
CIUDAD REAL	1,7	4,6	5,5	4,2	
ALCARRIA	2,5	4,9	5,5	4,3	17
SERRANIA ALTA	1,5	4,6	5,5	3,5	30
SERRANIA MEDIA	2,2	4,6	5,5	3,5	10
SERRANIA BAJA	2,2	4,9	5,5	4,3	15
MANCHUELA	2,7	4,9	5,5	4,3	10
MANCHA BAJA	2,5	4,9	5,5	4,3	10
MANCHA ALTA	2,5	4,9	5,5	4,3	0
CUENCA	2,5	4,9	5,5	4,2	
CAMPIÑA	2,5	6,6	9,5	4,3	19
SIERRA	2,2	5,7	8,5	3,5	19
ALCARRIA ALTA	2,5	5,7	8,5	3,5	19
MOLINA DE ARAGON	2,5	5,9	8,5	3,9	14
ALCARRIA BAJA	2,2	5,5	7,5	3,9	19
GUADALAJARA	2,4	6,2	9,1	4,0	
TALAVERA DE LA REINA	1,5	5,6	7,5	4,3	63
TORRIJOS	2,0	5,6	7,5	4,3	43
LA SAGRA	2,0	5,6	7,5	4,3	43
LA JARA	1,5	4,5	5,5	3,9	95
MONTES DE NAVAHERMOSA	1,5	4,3	5,5	3,5	83
MONTES DE LOS YEBENES	1,5	4,5	5,5	3,9	53
LA MANCHA	2,0	5,2	6,5	4,3	33
TOLEDO	1,8	5,3	7,0	4,2	
CASTILLA - LA MANCHA	2,1	5,1	6,1	4,2	

Comarcas, provincias e comunidade autónoma	SECAÑO	REGADÍO			Índice barbeito
	Rdto. medio t/ha	Rdto. medio t/ha	Rdto. millo t/ha	Rdto. outros cereais t/ha	
AREVALO-MADRIGAL	2,5	4,0	6,5	3,9	10
AVILA	2,0	3,6	6,5	3,5	30
BARCO DE AVILA-PIEDRAHITA	1,8	3,5	5,5	3,5	50
GREDOS	1,2	3,5	5,5	3,5	50
VALLE BAJO ALBERCHE	1,5	3,5	7,5	3,5	50
VALLE DEL TIETAR	1,5	3,6	8,5	3,5	50
ÁVILA	2,2	3,9	6,7	3,8	
MERINDADES	3,7	3,9	5,5	3,9	0
BUREBA-EBRO	4,4	4,6	5,5	4,6	0
DEMANDA	2,5	3,5	5,5	3,5	30
LA RIBERA	2,5	3,9	5,5	3,9	20
ARLANZA	2,7	3,5	5,5	3,5	0
PISUERGA	2,7	3,5	5,5	3,5	0
PARAMOS	2,5	3,5	5,5	3,5	20
ARLANZON	2,7	3,5	5,5	3,5	0
BURGOS	3,0	3,8	5,5	3,8	
BIERZO	1,5	4,5	6,5	3,5	40
LA MONTAÑA DE LUNA	1,5	4,2	5,5	3,5	0
LA MONTAÑA DE RIAÑO	1,5	4,2	5,5	3,5	0
LA CABRERA	1,5	4,2	5,5	3,5	50
ASTORGA	1,8	4,5	6,5	3,5	50
TIERRAS DE LEON	1,8	4,5	6,5	3,5	50
LA BAÑEZA	1,8	4,9	7,5	3,5	50
EL PARAMO	1,8	5,2	8,5	3,5	50
ESLA-CAMPOS	2,2	5,5	8,5	3,9	30
SAHAGUN	2,2	4,9	7,5	3,5	30
LEÓN	1,9	5,0	7,7	3,6	
EL CERRATO	2,7	3,6	7,5	3,5	0
CAMPOS	2,5	3,6	7,5	3,5	0
SALDAÑA-VALDAVIA	2,2	3,6	6,5	3,5	20
BOEDO-OJEDA	2,5	3,6	6,5	3,5	0
GUARDO	2,2	3,6	6,5	3,5	30
CERVERA	2,2	3,6	6,5	3,5	20
AGUILAR	2,5	3,6	6,5	3,5	20
PALENCIA	2,5	3,6	7,3	3,5	
VITIGUDINO	1,2	4,3	6,5	3,5	50
LEDESMA I	2,2				40
LEDESMA II	2,7				10
LEDESMA	2,3	4,3	6,5	3,5	
SALAMANCA	2,7	4,8	8,5	3,5	10
PEÑARANDA DE BRACAMONTE	2,7	5,1	9,5	3,5	10
FUENTE DE SAN ESTEBAN I	2,2				50
FUENTE DE SAN ESTEBAN II	2,7				10
FUENTE DE SAN ESTEBAN	2,4	4,8	8,5	3,5	
ALBA DE TORMES I	2,5				30
ALBA DE TORMES II	2,7				10
ALBA DE TORMES	2,6	4,5	7,5	3,5	
CIUDAD RODRIGO	1,5	4,3	6,5	3,5	50
LA SIERRA	1,2	4,3	5,5	3,5	50
SALAMANCA	2,3	4,8	8,4	3,5	
CUELLAR	2,5	4,3	7,5	4,3	10

Comarcas, provincias e comunidade autónoma	SECAÑO				Índice barbeito		REGADÍO				Índice barbeito
	Rdto. medio t/ha	Rdto. medio t/ha	Rdto. millo t/ha	Rdto. outros cereais t/ha			Rdto. medio t/ha	Rdto. medio t/ha	Rdto. millo t/ha	Rdto. outros cereais t/ha	
SEPULVEDA I	2,2					LA SELVA	3,2	6,7	7,5	3,9	0
SEPULVEDA II	2,5					GIRONA	3,2	6,6	7,5	3,9	
SEPULVEDA	2,3	3,9	6,5	3,9	30	VAL D'ARAN	3,2	5,6	8,5	3,9	0
SEGOVIA I	2,2					PALLARS-RIBAGORÇA	3,2	5,6	8,5	3,9	0
SEGOVIA II	2,5					ALT URGELL	3,2	5,6	8,5	3,9	0
SEGOVIA	2,2	3,5	6,5	3,5	40	CONCA	3,2	5,6	8,5	3,9	10
SEGOVIA	2,4	4,2	7,3	4,1		SOLSONES	3,2	5,6	8,5	3,9	0
PINARES	2,0	3,7	5,5	3,5	0	NOGUERA	3,2	5,3	8,5	3,9	0
TIERRAS ALTAS E VALLE DEL TERA	2,5	3,7	5,5	3,5	0	URGELL	3,2	5,3	8,5	3,9	0
BURGO DE OSMÁ	2,5	3,7	7,5	3,5	20	SEGARRA	3,2	5,8	8,5	3,9	0
SORIA	2,5	3,7	7,5	3,5	10	SEGRIA	2,7	5,2	8,5	3,9	10
CAMPO DE GOMARA	2,7	3,7	8,5	3,5	10	GARRIGAS	2,7	5,4	8,5	3,9	10
ALMAZAN	2,7	4,1	8,5	3,9	10	LLEIDA	3,1	5,3	8,5	3,9	
ARCOS DE JALON	2,5	3,7	8,5	3,5	20	TERRA ALTA	2,7	5,6	6,5	3,9	10
SORIA	2,6	3,7	7,8	3,5		RIBERA D'EBRE	2,7	4,9	6,5	3,9	10
TIERRA DE CAMPOS	2,5	3,7	7,5	3,5	10	BAIX EBRE	2,7	5,2	6,5	3,9	10
CENTRO I	2,2					PRIORAT-PRADES	2,7	5,8	6,5	3,9	10
CENTRO II	2,5					CONCA DE BARBERA	3,2	4,7	6,5	3,9	10
CENTRO	2,4	3,7	8,5	3,5	0	SEGARRA	3,2	5,6	6,5	3,9	0
SUR	2,2	4,1	8,5	3,9	10	CAMP DE TARRAGONA	3,2	5,2	6,5	3,9	10
SURESTE I	2,2					BAIX PENEDES	3,2	5,2	6,5	3,9	0
SURESTE II	2,5					TARRAGONA	3,1	5,2	6,5	3,9	
SURESTE	2,4	3,7	8,5	3,5	10						
VALLADOLID	2,4	3,9	8,4	3,7		CATALUÑA	3,1	5,5	8,1	3,9	
SANABRIA	1,8	4,3	5,5	3,5	30						
BENAVENTE E LOS VALLES	2,0	4,9	7,5	3,5	50	ALBURQUERQUE	1,5	6,3	6,5	5,0	60
ALISTE	1,8	4,3	6,5	3,5	50	MÉRIDA	1,8	7,2	7,5	5,0	0
CAMPOS-PAN	2,5	5,2	7,5	3,9	40	DON BENITO	1,8	8,1	8,5	5,0	0
SAYAGO	1,8	4,3	6,5	3,5	50	PUEBLA DE ALCOCER	1,5	6,3	6,5	5,0	80
BAJO DUERO	2,5	5,2	7,5	3,9	20	HERRERA DEL DUQUE	1,5	6,2	6,5	5,0	90
ZAMORA	2,3	5,2	7,5	3,9		BADAJOS	1,8	7,2	7,5	5,0	0
						ALMENDRALEJO I	1,8				
CASTILLA Y LEÓN	2,5	4,3	7,8	3,6		ALMENDRALEJO II	2,0				
						ALMENDRALEJO	1,9	6,3	6,5	5,0	0
BERGÜEDA	3,2	5,2	7,5	3,9	0	CASTÜERA	1,5	6,3	6,5	5,0	80
BAGES	3,2	5,2	7,5	3,9	0	OLIVENZA	1,5	7,2	7,5	5,0	0
OSONA	3,2	5,2	7,5	3,9	0	JEREZ DE LOS CABALLEROS	1,5	6,3	6,5	5,0	50
MOIANES	3,2	5,2	7,5	3,9	0	LLERENA I	1,5				
PENEDES	3,2	5,2	7,5	3,9	0	LLERENA II	1,8				
ANOIA	3,2	5,1	7,5	3,9	0	LLERENA III	2,5				
MARESME	3,2	5,2	7,5	3,9	10	LLERENA	2,1	6,2	6,5	5,0	0
VALLES ORIENTAL	3,2	5,2	7,5	3,9	0	AZUAGA I	1,8				
VALLES OCCIDENTAL	3,2	5,2	7,5	3,9	0	AZUAGA II	2,7				
BAIX LLOBREGAT	3,2	5,2	7,5	3,9	10	AZUAGA	2,4	6,3	6,5	5,0	0
BARCELONA	3,2	5,2	7,5	3,9		BADAJOS	1,9	7,5	7,8	5,0	
LA CERDANYA	3,2	6,7	7,5	3,9	0	CACERES	1,5	6,2	6,5	5,0	70
RIPOLLES	3,2	6,7	7,5	3,9	0	TRUJILLO	1,5	6,2	6,5	5,0	80
LA GARROTXA	3,2	7,0	7,5	3,9	0	BROZAS	1,5	6,2	6,5	5,0	60
ALT EMPORDA	3,2	6,6	7,5	3,9	0	VALENCIA DE ALCANTARA	1,5	6,2	6,5	5,0	80
BAIX EMPORDA	3,2	6,6	7,5	3,9	0	LOGROSAN	1,5	6,2	6,5	5,0	60
GIRONES	3,2	6,6	7,5	3,9	0	NAVALMORAL DE LA MATA	1,5	6,2	6,5	5,0	80

Comarcas, provincias e comunidade autónoma	SECAÑO		REGADÍO		Índice barbeito	Comarcas, provincias e comunidade autónoma	SECAÑO		REGADÍO		Índice barbeito
	Rdto. medio t/ha	Rdto. medio t/ha	Rdto. millo t/ha	Rdto. outros cereais t/ha			Rdto. medio t/ha	Rdto. medio t/ha	Rdto. millo t/ha	Rdto. outros cereais t/ha	
JARAIZ DE LA VERA	1,5	6,2	6,5	5,0	90	NOROCCIDENTAL I	2,5				
PLASENCIA	1,5	7,0	7,5	5,0	70	NOROCCIDENTAL II	4,1				
HERVAS	1,5	6,2	6,5	5,0	70	NOROCCIDENTAL	3,1	5,0	5,5	4,3	0
CORIA	1,5	7,0	7,5	5,0	60	PIRENAICA I	2,5				
CÁCERES	1,5	6,9	7,4	5,0		PIRENAICA II	3,7				
						PIRENAICA III	4,1				
EXTREMADURA	1,8	7,3	7,7	5,0		PIRENAICA IV	4,4				
						PIRENAICA	4,0	5,7	6,5	4,6	10
- f) No caso de que no proceso de transformación interviñese un transformador establecido noutro Estado membro da Unión Europea, tramitará a expedición do documento de control T-5 segundo o previsto no artigo 160 do Regulamento (CE) nº 1973/2004, e comunicarllo ao Fondo Español de Garantía Agraria, para os efectos de que solicite no Estado membro correspondente o certificado de uso e destino.

ANEXO VIII

Obrigas dos solicitantes e transformadores do réxime de axuda aos cultivos enerxéticos

I. Obrigas dos “solicitantes” da axuda aos cultivos enerxéticos.

Os solicitantes da axuda aos cultivos enerxéticos ademais do disposto no artigo 35 do presente real decreto, deberán:

- a) En caso de que o contrato sexa modificado ou anulado, antes da data límite establecida para a modificación das solicitudes, deberallo comunicar á comunidade autónoma ante a cal se presente a solicitude de axuda por superficie, e presentar a correspondente modificación da solicitude.
- b) Cando por razóns excepcionais o solicitante non poida subministrar a cantidade de materia prima indicada no contrato, deberallo comunicar á comunidade autónoma en que presentou a súa solicitude para que autorice a súa modificación ou rescisión.
- c) Acreditar, antes do 30 de novembro, ante a comunidade autónoma onde se presentou a solicitude de axuda “superficies”, a entrega da colleita obtida, indicando a cantidade total de materia prima recoleita e entregada de cada especie, con identificación do primeiro transformador ao cal lle fixo entrega daquela. A dita cantidade debe corresponder, polo menos, ao rendemento representativo fixado para o efecto pola comunidade autónoma.

No caso dun cultivo bianual, plurianual ou permanente, aplicaranse as disposicións do artigo 32 do Regulamento (CE) nº 1973/2004.

En caso de que se cultive cânabo aplicaranse as normas establecidas nos artigos 29 do Regulamento (CE) nº 795/2004, da Comisión e 33 do Regulamento (CE) nº 796/2004, da Comisión.

II. Obrigas dos primeiros transformadores de materias primas con fins enerxéticos.

- 1. Os primeiros transformadores deberán presentar, ante a comunidade autónoma en que se encontren establecidos:

a) Os contratos subscritos cos agricultores nas condicións especificadas na normativa comunitaria antes da data de finalización do prazo de presentación das solicitudes de axuda.

b) Non máis tarde da data de presentación da solicitude única, unha garantía igual ao produto de 60 euros /hectárea polas superficies obxecto de contrato, co fin de garantir a utilización na Unión Europea dunha cantidade equivalente na fabricación dun ou varios produtos finais recollidos no artigo 88 do Regulamento (CE) nº 1782/2003.

No caso dun cultivo bianual, plurianual ou permanente, a garantía constituirase no primeiro ano de cultivo.

A garantía depositada polo primeiro transformador poderá ser liberada a *pro rata* por cada materia prima cando a autoridade competente teña a proba de que a cantidade de materia prima en cuestión foi transformada respectando a normativa comunitaria.

Cando o contrato se modifique ou rescinda despois de que o solicitante presentase a solicitude de axuda “superficies” nas condicións previstas na normativa comunitaria, a garantía constituída poderase adaptar convenientemente.

2. Se o primeiro transformador vende a materia prima a un segundo transformador, comunicarlle á comunidade autónoma onde presentou a garantía o nome e o enderezo do segundo transformador, así como a cantidade entregada de materia prima. Esta comunicación deberase realizar, como máis tarde, nun prazo de corenta días hábiles contados desde o día da transacción.

3. No caso de que no proceso de transformación interviñese un segundo transformador establecido noutro Estado membro da Unión Europea, o primeiro transformador comunicarllo á comunidade autónoma onde se presentou a garantía. O intercambio de produtos entre ambos os transformadores debe ir acompañado do documento comunitario T5.

4. O transformador notificaralle a transformación da materia prima recibida á comunidade autónoma onde se presentou a garantía, mediante a presentación dunha “declaración de transformación”. A dita transformación deberase realizar antes do 31 de xullo do segundo ano seguinte ao da colleita.

ANEXO IX

Subsuperficies de base de arroz (hectáreas)

COMUNIDADES AUTÓNOMAS	Hectáreas
<i>Andalucía</i>	<i>34.795</i>
<i>Aragón</i>	<i>12.017</i>
<i>Illes Balears</i>	<i>50</i>
<i>Castilla – La Mancha</i>	<i>370</i>
<i>Cataluña</i>	<i>20.850</i>
<i>Extremadura</i>	<i>20.486</i>
<i>Región de Murcia</i>	<i>400</i>
<i>Navarra</i>	<i>1.580</i>
<i>La Rioja</i>	<i>75</i>
<i>C. Valenciana</i>	<i>14.350</i>
TOTAL	104.973

ANEXO X

Información mínima que debe conter a solicitude única das axudas á agricultura

I. Información xeral

- Os datos persoais do titular da explotación: apelidos e nome ou razón social; NIF ou CIF; domicilio (con rúa ou praza e o seu número, código postal, municipio e provincia), teléfono e apelidos e nome do representante legal no caso das persoas xurídicas, co seu NIF.

2. Os datos bancarios, con indicación da entidade financeira así como das cifras correspondentes ao código de banco e ao de sucursal, os dous díxitos de control e o número da conta corrente, cartilla, etc., onde se queiran recibir os pagamentos.
3. Declaración de que o titular da explotación coñece as condicións establecidas pola Unión Europea e o Estado español relativas aos cultivos declarados.
4. Compromiso expreso de colaborar para facilitar os controis que efectúe calquera autoridade competente para verificar que se cumpren as condicións regulamentarias para a concesión das axudas.
5. Compromiso expreso de devolver os anticipos ou axudas cobradas indebidamente, por requirimento da autoridade competente, incrementados, se é o caso, nos xuros correspondentes.
6. Declaración de que non presentou noutra comunidade autónoma nesta campaña ningunha outra solicitude por estes réximes de axuda.
7. Declaración formal de que todos os datos indicados son verdadeiros.
8. As advertencias contidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e demais normativa vixente.

II. Declaración expresa do que solicita

1. Os réximes de axuda recollidos no artigo 1 do Real decreto polos cales solicita axuda para as superficies dos cultivos declarados.
2. A consideración das superficies forraxeiras declaradas para o cálculo do factor de densidade gandeira.
3. A consideración das superficies de algodón para os efectos da declaración preceptiva.

4. A consideración das superficies de forraxe destinada a desecamento.

III. Relación de parcelas agrícolas

Deberanse incluír todas as parcelas agrícolas da explotación e para cada unha delas indicárase:

1. A identificación mediante as referencias alfanuméricas contidas nos casos en que existan diverxencias entre a descrición catastral e a reflectida no SIXPAC, xa sexa porque se producise unha renovación catastral con posterioridade ao inicio dos traballos de creación do SIXPAC, ou pola existencia de modificacións territoriais non recollidas na información catastral, ou porque se tivese que utilizar un sistema de bloques de zonas de cultivo homoxéneas.
2. A superficie en hectáreas, con dous decimais.
3. A utilización, nos casos de parcelas de pastos permanentes, superficies forraxeiras e nas acollidas a algún dos réximes de axuda recollidos no título IV e no anexo V do Regulamento (CE) nº. 1782/2003.

As utilizacións non recollidas no parágrafo anterior poderanse declarar baixo a epígrafe “outras utilizacións”.

As comunidades autónomas poderán eximir da declaración explícita das parcelas correspondentes as utilizacións indicadas no anexo V do Regulamento (CE) nº. 1782/2003, cando dispoñan da dita información no marco doutros sistemas de xestión e control compatibles co Sistema Integrado.

No caso das superficies forraxeiras declaradas para os efectos de xustificar a densidade gandeira e os pagamentos por extensificación, deberanse indicar as parcelas consideradas como “terras de pastoreo” e o seu tipo de aproveitamento.

4. Os réximes para os que se solicita a axuda
5. Sistema de explotación: secaño ou regadío, segundo proceda.
6. A variedade sementada cando se trate de trigo duro, colza, arroz, cânabo e liño para a produción de fibras, lúpulo, sementes e algodón.
7. No caso do lúpulo, a densidade de plantación.
8. No caso dos froitos de casca, o número de árbores e a súa especie.
9. No caso do liño e o cânabo para a produción de fibras:
 - a) A data de sementeira e a dose de semente utilizada,
 - b) No caso de se cultivaren distintas variedades nunha mesma parcela agrícola, identificación da situación de cada variedade na dita parcela.
10. O tipo de barbeito ou de retirada do cultivo: barbeito tradicional; retirada, especificando se se trata de retirada fixa ou libre. En todos os tipos de retirada se indicará se se mantén a terra núa ou cunha cuberta vexetal.

Nas parcelas declaradas como retiradas en que se cultive, nos termos regulamentarios, algún produto con destino non alimentario, expresarase, ademais do tipo de retirada, a especie cultivada, con indicación do rendemento previsto en quilogramos por hectárea por cada especie e variedade para os cultivos anuais e, para os cultivos plurianuais, a duración do ciclo de cultivo e a periodicidade previsible de colleita.

Nos casos en que a mesma especie se cultive en parcelas declaradas como retiradas da produción e en parcelas non retiradas, para as que se soliciten pagamentos, deberase indicar na propia solicitude ou no contrato anexo, tamén para estas últimas parcelas, a especie, a variedade e a colleita prevista.

11. O barbeito ambiental e a repoboación forestal consonte o Regulamento (CE) nº 1257/1999, declararanse por separado con indicación:
 - a) Da superficie que se vai computar para o cumprimento dos índices comarcais de barbeito para as terras de cultivos herbáceos de secaño para a campaña en cuestión, no caso do barbeito ambiental.
 - b) Da superficie que se vai computar para o cumprimento da obriga de retirada de cultivo.
 - c) Da superficie distinta ás indicadas nos dous puntos anteriores.

IV. Información adicional

1. Esbozo das parcelas agrícolas cando o produtor non declare a totalidade dun recinto SIXPAC, de acordo coas condicións establecidas por cada comunidade autónoma.

O esbozo non será necesario nas declaracións de superficie de uso comunal.
2. Compromiso de destino non alimentario para os cultivos incluídos no anexo XXII do Regulamento (CE) nº 1973/2004.
3. No caso do lúpulo, a agrupación de produtores agrarios a que pertenza o agricultor.
4. No caso dos froitos de casca xuntaráselle á solicitude:
 - Un certificado da organización de produtores acreditativo de que o socio que solicita a axuda está integrado na súa organización e realizou, se é o caso, a entrega da súa colleita.
 - No caso que se desexe acoller ao complemento de axuda do punto 7 do artigo 41, deberá xuntar unha declaración do solicitante de ser agricultor profesional.

ANEXO XI

Declaración de non sementeira

O titular da explotación cuxos datos identificativos persoais se indican a continuación:

Apelidos e nome ou razón social:	NIF ou CIF
Domicilio:	Teléfono:
Código postal/ Municipio:	Provincia:
Apelidos e nome do representante legal:	NIF

Declara que:

Contrariamente ao indicado na solicitude de axuda "superficies", ano 200..., e declaración de superficies forraxeiras presentada en data

Non se sementou na súa explotación:	☐ Cánabo (*) ☐ Millo doce (*) ☐ Arroz (*)
-------------------------------------	--

En o de de 200..

Asdo.:

(*) Márquese con "X" o recadro que proceda.

Sr.da

Comunidade Autónoma de

ANEXO XII
CONTRATO DE MULTIPLICACIÓN DE SEMENTES

Dunha parte, D/Dª en representación da

Entidade produtora de sementes:

- Razón social:
- Domicilio:
- Código postal/Municipio:
- Provincia:
- NIF/CIF:

E, doutra parte, D/Dª: en representación do

Agricultor multiplicador:

- Apelidos e nome (ou razón social):
- Domicilio:
- Código postal/Municipio:
- Provincia:
- NIF/CIF:

MANIFESTAN:

1º.- Que o agricultor acordou coa entidade produtora de sementes a multiplicación de sementes de acordo coas especificacións seguintes:

Cultivo:

- Especie:
- Variedade:
- Categoría de semente que se vai producir:
- Ano de colleita:
- Superficie declarada en ha (con dous decimais):
- Lugar ou predio:
- Termo municipal:
- Provincia:
- Comunidade autónoma:
- Declaración de cultivo núm.:
- Referencia SIXPAC da parcela (provincia, municipio, polígono, parcela, recinto):
.....
- Estimación de posible colleita bruta en qm (cun decimal):.....

Semente utilizada na sementeira:

- Produtor:
- Categoría:
- Peso en qm (cun decimal):
- Número de lote:
- País ou comunidade autónoma de orixe da semente:.....
- Data de sementeira:

2º.- Que co presente contrato se xunta fotocopia da correspondente declaración de cultivo. En calquera caso, a semente que se vai producir deberase axustar á normativa vixente para a produción de semente de base ou de semente certificada, segundo corresponda.

Eno de de

A entidade produtora de sementes: O agricultor multiplicador:

Asdo.: Asdo.:

ANEXO XIII

CERTIFICACIÓN DA ENTIDADE PRODUTORA DE SEMENTES: PRODUCCIÓN MEDIANTE CONTRATO PARA OS EFECTOS DA AXUDA NO SECTOR DAS SEMENTES CON CARGO AO FEOGA

D/D^a en representación da entidade produtora de sementes:

CERTIFICA:

1º.-Que para os efectos da campaña de comercialización 2005/06 (colleita 2005) o agricultor
acordou coa mencionada entidade produtora de sementes a multiplicación da semente da especie e da variedade, coa finalidade de se acoller ás axudas no sector das sementes con cargo ao FEOGA-Garantía, subscribíndose entre ambos os dous o preceptivo contrato de multiplicación, que foi rexistrado oficialmente con data do, con nº.

2º.- Que da indicada multiplicación se obtiveron un total de qm (cun decimal) brutos de semente, que o agricultor comercializou mediante a súa entrega á indicada entidade.

3º.- Que, tras o proceso de selección correspondente, deu lugar a qm (cun decimal) de semente limpa, foron certificados oficialmente como semente de categoría e que foron precintados, formando parte total ou parcialmente dos seguintes lote/s e acta/s:

Actas de precintado	Data da acta	Nº de lote	Qm (cun decimal)
Nº			
Nº			
Nº			
Nº			

E para que conste e teña os efectos oportunos, expido o presente certificado,
en, o ... de de

Selo e sinatura

Asdo: D/D^a

ANEXO XIV

Cálculo da carga gandeira para os efectos do artigo 47

1. A determinación da carga gandeira da explotación realizarase tendo en conta:
 - a) Os bovinos machos, as vacas nutrices e as xovencas, os ovinos e caprinos polos cales se presentasen solicitudes de prima, así como as vacas leiteiras necesarias para producir o total da cantidade de referencia de leite asignada ao produtor. O número de animais converterase en unidades de gando maior (UGM) de acordo coas seguintes equivalencias:
 - Bovinos machos e xovencas de máis de 24 meses de idade, vacas nutrices e vacas leiteiras, 1,0 UGM.
 - Bovinos machos e xovencas de 6 a 24 meses de idade, 0,6 UGM.
 - Ovinos e caprinos, 0,15 UGM.
 - b) A superficie forraxeira, segundo a definición recollida no artigo 2.j).
2. A determinación do número de animais que darán dereito a prima efectuarase coa seguinte fórmula:

$N^{\circ} \text{ UGM} = (ha \times DG) - (vl \times 1 + oc \times 0,15)$, sendo:

- DG, a densidade gandeira máxima para cada ano de acordo co establecido no número 1 do artigo 47 deste real decreto.
- $N^{\circ} \text{ UGM}$, o número máximo de UGM (vacas nutrices, xovencas ou bovinos machos) que poden obter primas ás vacas nutrices ou aos bovinos machos.
- ha, a superficie forraxeira, en hectáreas, declarada ou validada pola autoridade competente, unha vez aplicadas as normas do control integrado.
- vl, o número de vacas leiteiras necesarias para producir a cantidade de referencia individual dispoñible polo produtor o 31 de marzo anterior ao inicio do período de doce meses de aplicación da taxa suplementaria que empece o ano natural correspondente á solicitude de prima. Este número calcularase mediante o cociente enteiro, por exceso, entre a citada cantidade de referencia e o rendemento medio para España que se cita no anexo XVI do Regulamento (CE) nº 1973/2004. Non obstante, se o produtor presenta un certificado oficial de control leiteiro en que se faga constar o rendemento medio da súa explotación, poderase utilizar esta cifra en lugar da mencionada no regulamento.

- oc, o número de ovellas e cabras polas cales se solicite a prima correspondente para o ano en curso, ou o número de dereitos de prima que posúe o produtor, se este número é menor.

ANEXO XV

Presentación e preparación das canais de bovinos de máis dun mes e menos de oito

1. A canal presentarase esfolada, eviscerada e sangrada, sen cabeza nin patas, separadas estas á altura das articulacións carpo-metacarpianas e tarso-metatarsianas, co fígado, cos riles e a graxa da zona dos riles.
2. O peso canal determinarase:
 - tras o aireo, ou
 - en quente, o antes posible tras o sacrificio. De se determinar en quente, aplicarase unha redución do 2 por cento.
3. Se a canal presenta unha preparación diferente á descrita no número 1, con ausencia de determinados órganos da cavidade abdominal, o peso incrementarase como segue:
 - 3,5 quilogramos polo fígado.
 - 0,5 quilogramos polos riles.
 - 3,5 quilogramos pola graxa da zona dos riles.

ANEXO XVI

Documentación mínima que se debe xuntar ás solicitudes de pagamento por gando vacún

1. PRIMA ÁS VACAS NUTRICES.
 - 1.1. Formulario específico.
 - 1.2. Fotocopia da folia de apertura do libro de rexistro e das follas en que figuren as anotacións correspondentes ás vacas e xovencas polas cales solicita axudas.

Non obstante, non será necesario que os produtores acheguen o libro de rexistro cando todas as unidades de produción gandeiras do titular estean radicadas na mesma comunidade autónoma.

- 1.3. Cando así o decida a comunidade autónoma, orixinais ou copias lexibles dos exemplares nº 2 para o interesado dos documentos de identificación dos animais.
- 1.4. Se é o caso, certificado oficial sobre rendemento leiteiro.

2. PRIMA ESPECIAL AOS BOVINOS MACHOS.

- 2.1. Formulario específico.
- 2.2. Orixinais dos exemplares nº 1 de acompañamento dos animais dos documentos de identificación correspondentes aos animais obxecto de solicitude. A autoridade competente fará constar neles e nas bases de datos correspondentes que a prima foi solicitada e poderá conservar os documentos de identificación durante o período de retención dos animais na explotación, ou ben devolvérllelos aos interesados. Neste último caso, deberase garantir que se establece un sistema de control que lle permite á autoridade competente detectar as saídas de animais das súas explotacións durante o período de retención.
- 2.3. Cando o produtor sexa un cebadeiro comunitario, ademais:
 - 2.3.1. Fotocopia da solicitude de prima ás vacas nutrices presentada polos socios que non pertencen á comunidade autónoma.
 - 2.3.2. Coa primeira das solicitudes, copia dos estatutos ou regulamento interno da sociedade.

3. PRIMAS POR SACRIFICIO

- 3.1. Para animais sacrificados en España ou noutro país comunitario:
 - 3.1.1. Formulario específico.
 - 3.1.2. Orixinais ou copias lexibles e dous exemplares nº 2 para o interesado dos documentos de identificación dos animais obxecto de solicitude.
 - 3.1.3. No caso de animais menores de 8 meses (tenreiros), e cando o matadoiro non lle notifique directamente esta información á autoridade competente, certificado expedido polo centro de sacrificio relativo ao peso en canal dos animais incluídos na solicitude de axuda.
 - 3.1.4. Para animais sacrificados noutros Estados membros da Unión Europea, copia lexible e autenticada do documento de identificación para intercambios dos animais incluídos na solicitude e os seus certificados de sacrificio, conforme o número 1 do artigo 57 deste real decreto.
- 3.2. En caso de exportación do animal vivo a país terceiro:
 - 3.2.1. Formulario específico.
 - 3.2.2. Orixinais ou copias lexibles e autenticadas dos exemplares nº 2 para o interesado dos documentos de identificación dos animais obxecto de solicitude.

- 3.2.3. Proba da saída do territorio aduaneiro da Comunidade (DUA) e certificado sanitario internacional que conteña unha relación expresa do número de identificación auricular dos animais que foron exportados.

4. PAGAMENTO POR EXTENSIFICACIÓN

- 4.1. Formulario específico.
- 4.2. Fotocopia da folia de balance do libro de rexistro posta ao día onde figure o total de animais da explotación que se deben tomar en consideración no momento da solicitude.
- Non obstante, non será necesario que os produtores acheguen o libro de rexistro, sempre e cando todas as unidades de produción gandeiras do titular estean radicadas na mesma comunidade autónoma.

ANEXO XVII

Distribución entre comunidades autónomas dos fondos para os pagamentos adicionais no sector carne de vacún

CC. AA	Importe euros
ANDALUCÍA	2.986.645
ARAGÓN	1.653.523
P. DE ASTURIAS	2.497.331
ILLES BALEARS	226.509
CANTABRIA	1.903.704
CASTILLA-LA MANCHA	1.437.945
CASTILLA-LEÓN	6.464.730
CATALUÑA	3.645.810
EXTREMADURA	2.701.959
GALICIA	5.287.659
MADRID	454.221
REGIÓN DE MURCIA	234.873
NAVARRA	600.473
PAIS VASCO	1.003.892
LA RIOJA	245.480
C. VALENCIANA	354.246
TOTAL FONDOS	31.699.000

ANEXO XVIII

Zonas elixibles para a concesión da prima á cría de cabras

As comunidades autónomas de Andalucía, Aragón, Illes Balears, Castilla-La Mancha, Castilla y León, Cataluña, Extremadura, Galicia (excepto as provincias da Coruña e Lugo), Madrid, Región de Murcia, La Rioja e Comunidad Valenciana e todas as áreas de montaña, tal e como se definen no artigo 18 do Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, situadas fóra desas rexións.

ANEXO XIX

Importes e períodos de pagamento das primas aos gandeiros que críen gando ovino e caprino

1. Os importes unitarios das axudas establecidos na normativa comunitaria quedan fixados en:
 - a) Prima por ovella: 21 euros por ovella. Non obstante, para os produtores que comercialicen leite ou produtos lácteos de ovella, a prima será de 16,8 euros por ovella.
 - b) Prima por cabra: 16,8 euros por cabra.
 - c) Prima adicional por ovella e cabra: 7 euros por ovella ou cabra.
2. As axudas aboaranse, de acordo co previsto no artigo 28 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, unha vez ao ano no período comprendido entre o 1 de decembro de 2005 e o 30 de xuño de 2006.

ANEXO XX

Zonas de España onde a produción de gando ovino e caprino constitúe unha actividade tradicional ou contribúe significativamente á economía rural

Tendo en conta a importancia do gando ovino e caprino e a súa incidencia no desenvolvemento da economía rural en España, as zonas que se van considerar para o

pagamento da prima adicional recollida no artigo 63 deste real decreto son todas as zonas desfavorecidas segundo a definición establecida no Regulamento (CE) n.º 1257/1999.

ANEXO XXI

Comarcas de España en que a transhumancia constitúe unha práctica tradicional e en que os desprazamentos de animais son necesarios debido á inexistencia de forraxes en cantidade suficiente durante o período de transhumancia

Comunidade autónoma	Provincia	Comarcas
Andalucía	Almería	Campos Dalías Campos Níjar e Bajo Andárax
	Córdoba	Campaña Baja
	Jaén	Campaña Sur
	Granada	De la Vega
	Huelva	Andevalo Oriental
	Málaga	Nortes ou Antequera Centro ou Guadalorce
	Sevilla	La Vega La Campiña
Aragón	Huesca	Hoya de Huesca Los Monegros La Litera Bajo Cinca
	Zaragoza	Egea de los Caballeros Borja Zaragoza
Castilla y León	León	Tierras de León
	Palencia	Campos
	Salamanca	Salamanca
	Valladolid	Centro
	Zamora	Campos-Pan
Castilla-La Mancha	Albacete	Centro
	Ciudad Real	Campos de Calatrava Pastos
	Toledo	Talavera

Comunidade autónoma	Provincia	Comarcas
Cataluña	Barcelona	Alt Penedès Anoia Baix Llobregat Barcelonès Bages Garraf Maresme Osona Vallès Occidental Vallès Oriental
	Girona	Alt Empordà Baix Empordà La Selva
	Lleida	La Noguera Pla d'Urgell Segrià Urgell
	Tarragona	Alt Camp Baix Camp Baix Ebre Baix Penedès Montsià Priorat Tarragonès
Extremadura	Badajoz	Don Benito Badajoz
Región de Murcia	Murcia	Río Segura Suroeste e Valle de Guadalentín
Navarra	Navarra	La Ribera
Comunidad Valenciana	Castellón	Bajo Maestrazgo
	Valencia	Campos de Liria Sagunto Riberas del Júcar La Hoya de Buñol

ANEXO XXII

**Distribución entre comunidades autónomas dos
fondos para pagamentos adicionais no sector das carnes de ovino e caprino**

CC. AA	Importe euros
ANDALUCIA	2.791.715
ARAGON	2.392.824
P DE ASTURIAS	68.959
ILLES BALEARS	237.929
CANTABRIA	66.849
CASTILLA-LA MANCHA	2.922.599
CASTILLA-LEON	3.895.188
CATALUÑA	727.827
EXTREMADURA	3.187.219
GALICIA	157.486
MADRID	155.555
REGIÓN DE MURCIA	517.867
NAVARRA	624.804
PAIS VASCO	261.628
LA RIOJA	185.788
C. VALENCIANA	460.386
ESPAÑA	18.654.623

ANEXO XIII

Contido mínimo das solicitudes de pagamentos por gando vacún

1. COMÚN A TODAS ELAS: DATOS XERAIS

- 1.1. Datos persoais do titular da explotación.
- 1.2. Descrición completa de todas as unidades de produción que constitúen a explotación e na cal se manterán animais obxecto de solicitudes de axuda ou que deben ser tidos en conta para a percepción destas. Incluirase referencia expresa ao código de identificación asignado a cada unidade de produción en virtude do Real decreto 1980/1998.
- 1.3. Datos bancarios correspondentes á conta corrente, cartilla, etc. onde desexe recibir os pagamentos.

- 1.4. Declaración de que o titular coñece as condicións establecidas pola Unión Europea e o Estado español relativas ás axudas comunitarias en gandería.
- 1.5. Declaración de que non se presentou ningunha outra solicitude polo mesmo concepto na mesma campaña.
- 1.6. Declaración de que todos os datos indicados son verdadeiros.
- 1.7. Referencia á declaración de axudas “superficies” (ou declaración de superficies forraxeiras) presentada, no caso en que, de acordo co disposto pola autoridade competente, estas non constitúan unha declaración única coa de participación nas axudas “animais”.
- 1.8. As advertencias contidas no número 1 do artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- 1.9. Declaración de que os datos da súa explotación e dos seus animais corresponden aos contidos na base de datos informatizada, ou en caso contrario, compromiso de comunicarlle ao órgano competente a rectificación.

2. CONTIDO MÍNIMO DAS SOLICITUDES DE PRIMA ÁS VACAS NUTRICES.

- 2.1. Declaración expresa do número de animais polo cal se solicita a axuda, coa relación por separado dos números de identificación de vacas e xovencas. De acordo co que estableza a autoridade competente, esta relación pódese obviar, xa que se presentarán os exemplares nº 2 para o interesado dos documentos de identificación previstos no Real decreto 1980/1998.
- 2.2. Referencia aos documentos de identificación dos bovinos que se xuntan á solicitude.
- 2.3. Se é o caso, declaración respecto da venda de leite ou produtos lácteos procedentes da explotación do solicitante.
- 2.4. Se é o caso, as indicacións e compromisos relativos á cantidade de referencia de leite e produtos lácteos que o produtor ten asignada conforme o Regulamento (CE) nº 1255/1999, e, se é o caso, o compromiso de non incrementar a cantidade de referencia asignada durante o período de doce meses seguinte á presentación da solicitude. A cota a que se fai referencia é a cota dispoñible na explotación á liquidación da supertaxa na campaña que finaliza o 31 de marzo do ano 2005.
- 2.5. Compromisos de:
 - Manter na súa explotación o mesmo número de animais obxecto de solicitude durante o período de retención.
 - Notificar os traslados dos animais a outros lugares non indicados na solicitude.
 - Manter durante o período de retención, como máximo, un número de xovencas que non supere o 40 por cento dos animais obxecto de solicitude.
 - Comunicar as reducións do número de efectivos da explotación.
- 2.6. Declaración respecto da documentación que se xunta á solicitude.
- 2.7. Identificación da comunidade autónoma que tramitou a súa solicitude de axuda o ano inmediatamente anterior.

3. CONTIDO MÍNIMO DAS SOLICITUDES DE PRIMA ESPECIAL

- 3.1. Declaración do número de animais polos cales se solicita a prima, coa relación dos números individuais de identificación, de acordo co Real decreto 1980/1998. Esta relación poderase substituír, se así o determina a autoridade competente, pola presentación dos orixinais dos exemplares 1 do documento de identificación de bovinos que se lle xuntará á solicitude.
- 3.2. Compromiso de manter na súa explotación os mesmos animais obxecto de solicitude durante o período de retención.
- 3.3. Declaración respecto da categoría ou tipo dos animais incluídos na solicitude (touros ou bois).
- 3.4. Referencia aos documentos de identificación dos bovinos que se lle xunta á solicitude.
- 3.5. No caso de solicitudes de prima ao abeiro do disposto no artigo 49 (cebadeiros comunitarios):
 - 3.5.1. Declaración respecto de que os bovinos machos solicitados proceden das vacas nutrices correspondentes ás explotacións dos socios que integran o cebadeiro comunitario.
 - 3.5.2. Identificación dos socios integrantes da explotación
- 3.6. Declaración respecto da documentación que se lle xunta á solicitude.

4. CONTIDO MÍNIMO DAS SOLICITUDES DE PRIMAS POR SACRIFICIO.

- 4.1. A solicitude de axuda deberá precisar se se trata de sistema de concesión para animais:
 - Sacrificados en territorio español
 - Sacrificados noutro Estado membro da Unión Europea
 - Exportados vivos a países terceiros
- 4.2. Declaración do número de animais polos cales se solicita a prima, coa relación dos números individuais de identificación, de acordo co Real decreto 1980/1998, indicando en cada caso se se solicita prima para animais adultos ou para animais de 1 a 8 meses. Se así o establece a autoridade competente, esta relación pódese obviar, xa que se presentarán os exemplares nº 2 do documento de identificación de bovinos.
- 4.3. Naqueles casos en que excepcionalmente o documento de identificación non detalle a data de nacemento por se tratar de bovinos nacidos antes do 1 de xaneiro 1998, existirá declaración do solicitante respecto de que se trata de animais de máis de 8 meses de idade.
- 4.4. No caso de exportación de animais vivos a país non pertencente á UE:
 - Declaración que inclúa nome e enderezo do exportador, relación dos números de identificación dos animais e da súa idade no caso dos nacidos despois do 1 de xaneiro de 1998 (para os demais, bastará indicar ano de nacemento). No caso dos tenreiros de máis de 5 meses e menos de oito,

además, a indicación do peso vivo, que non poderá superar os 300 quilogramos.

4.5. Declaración respecto da documentación que se lle xunta á solicitude.

5. CONTIDO MÍNIMO DAS SOLICITUDES DE PAGAMENTO POR EXTENSIFICACIÓN

5.1. Declaración do número total de animais bovinos que se encontran na explotación na data de solicitude, con desagregación de categorías de idade segundo número 1 do anexo 15 do presente real decreto. A autoridade competente poderá determinar que a dita declaración poida ser substituída pola información contida na base de datos prevista no Real decreto 1980/1998 polo cal se establece un sistema de identificación e rexistro do gando vacún.

5.2. Declaración do número de ovellas e cabras incluídas na súa solicitude de prima do ano en curso.

5.3. Modalidade simplificada.

5.3.1. Declaración expresa do desexo do solicitante de se someter a este réxime e de que coñece as súas especificidades.

5.3.2. Compromiso de non incrementar a densidade gandeira da súa explotación por encima de 1,4 UGM por hectárea durante todos e cada un dos días do ano.

5.4. Modalidade “media”:

5.4.1. Declaración expresa do desexo do solicitante de se someter a este réxime e de que coñece as súas especificidades.

5.4.2. Compromiso de presentar as declaracións de censo conforme o establecido no artigo 52 do presente real decreto e de renunciar ao cobramento da axuda cando as ditas declaracións de censo evidencien densidades por encima de 1,4 UGM.

ANEXO XXIV

Contido mínimo das solicitudes de primas aos gandeiros que críen gando ovino e caprino

1. Datos persoais do titular da explotación.

2. Descrición completa de todas as unidades de produción que constitúen a explotación e en que se manterán animais obxecto de solicitudes de axuda ou que deben ser tidos en conta para a percepción destas. Incluírase referencia expresa ao código de identificación asignado a cada unidade de produción en virtude do Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo cal se establece un sistema de identificación rexistro dos animais da especie bovina, porcina, ovina e caprina.

3. Datos bancarios correspondentes á conta corrente, cartilla, etc. onde desexe recibir os pagamentos.
4. Declaración de que o titular coñece as condicións establecidas pola Unión Europea e o Estado español relativas ás axudas comunitarias en gandería.
5. Declaración de que non se presentou ningunha outra solicitude polo mesmo concepto na mesma campaña.
6. Declaración de que todos os datos indicados son verdadeiros.
7. Referencia á declaración de axudas “superficies” (ou declaración de superficies forraxeiras) presentada, no caso en que, de acordo co disposto pola autoridade competente, estas non constitúan unha declaración única coa de participación nas axudas gandeiras.
8. As advertencias contidas no número 1 do artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
9. Declaración do número de animais polos cales se solicita a prima, con expresión da súa desagregación en ovellas e cabras.
10. O compromiso explícito do mantemento na súa explotación do mesmo número de animais polos cales se solicita axuda durante o período de retención e o de notificación dos traslados ou baixas á autoridade competente.
11. Se é o caso, declaración respecto da venda de leite ou produtos lácteos procedentes da explotación do solicitante.
12. Declaración expresa respecto da intención de se acoller ao beneficio da prima adicional.
13. Identificación da comunidade autónoma que tramitou a súa solicitude de axuda o ano inmediatamente anterior.
14. No caso dos produtores a que fai referencia o número 2 do artigo 63, documentos que:
 - a) Demostren que durante as dúas campañas anteriores efectuaron as operacións de transhumancia.
 - b) Indiquen o lugar ou os lugares onde se vai levar a cabo a transhumancia durante a campaña en curso.

ANEXO XXV

Documentación mínima que se lles debe xuntar ás solicitudes de pagamento por gando ovino e caprino

1. Formulario específico.
2. Fotocopia da folla de balance do libro de rexistro posta ao día onde figure o total de animais polos cales se solicita axuda.

ANEXO XXVII

Declaración de carga gandeira da explotación para os efectos do artigo 52.2.b)

1. Contido mínimo
 - 1.1. Datos persoais do titular da explotación.
 - 1.2. Descrición completa de todas as unidades de produción que constitúen a explotación e en que se manteñen bovinos que deben ser tidos en conta para a percepción da axuda. Incluirase referencia expresa ao código de identificación asignado a cada unidade de produción en virtude dos reais decretos 205/1996 ou 1980/1998.
 - 1.3. Indicación expresa do número de animais que posuía en cada unidade de produción en cada unha das datas de reconto establecidas, con desagregación por categorías en función da equivalencia en UGM.
2. Documentación mínima que se lle xuntará á declaración:

Fotocopia do libro de rexistro da explotación que inclúa a/s páxina/s correspondentes a cada unha das datas de reconto que constan na declaración.

ANEXO XXVII

Importes e períodos de pagamento das axudas do sector vacún

1. *Os importes unitarios das axudas serán os establecidos na normativa comunitaria na materia quedando fixados en:*
 - a) Prima especial aos bovinos machos: 210 euros para cada touro con dereito a axuda e 150 euros para cada boi con dereito a axuda e tramo de idade.
 - b) Prima por vaca nutriz: 200 euros para cada animal con dereito a axuda, a que se lle engadirá á prima nacional prevista no artigo 12 do presente real decreto.

- c) Prima por sacrificio de bovinos adultos: 80 euros por animal con dereito a axuda.
- d) Prima por sacrificio de tenreiros: 50 euros por animal con dereito a axuda.
- e) Pagamento por extensificación: 100 euros por animal con dereito a axuda.

2. *As axudas aboaranse cando finalizasen todos os controis establecidos no Regulamento (CE) nº 1782/2003, a partir do 1 de decembro do ano 2005 e antes do 30 de xuño do ano 2006.*

3. Non obstante o disposto no punto anterior, a partir do 16 de outubro do ano 2005 aboaranse anticipos das primas por vaca nutriz, da prima especial e das primas por sacrificio para todas aquelas solicitudes cuxos controis finalizasen. Estes anticipos representarán o 40 por cento do montante das axudas.

4. Non se aboarán anticipos das seguintes axudas:

- a) Pagamento por extensificación.
- b) Prima nacional complementaria por vaca nutriz.
- c) Pagamentos adicionais.

ANEXO XXVIII

Límites orzamentarios FEOGA ano 2005

	<u>En miles de euros</u>
• Cultivos herbáceos (Península e Illes Balears)	1.621.440
• Cultivos herbáceos (Illas Canarias)	23
• Pagamento suplementario ao trigo duro	171.822
• Axuda ás leguminosas de gran (Península e Illes Balears)	60.518
• Axuda ás leguminosas de gran (Illas Canarias)	1

	<u>En miles de euros</u>
• Axuda á produción de sementes	10.347
• Prima á vaca nutriz	279.830
• Prima adicional á vaca nutriz	28.937
• Prima especial	147.721
• Prima por sacrificio de adultos	142.954
• Prima por sacrificio de tenreiros	602
• Pagamento por extensificación	153.486
• Pagamentos adicionais aos produtores de vacún	31.699
• Prima por ovella e cabra	366.997
• Prima adicional por ovella e cabra	111.589
• Pagamentos adicionais aos produtores de ovino e caprino	18.655
• Pagamentos por superficie de arroz	67.991
• Pagamento aos produtores de forraxes desecadas	44.075
• Lúpulo	375